A PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA

Solidariedade Internacional de Galicia

2022

Financia:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS 2
ÍNDICE DE FIGURAS 4
ÍNDICE DE TÁBOAS 6
1. INTRODUCIÓN 7
2. OBXECTIVOS E PREGUNTAS DA INVESTIGACIÓN 9
3. MARCO TEÓRICO 10
3.1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN. 10
3.2. CONTEXTUALIZACIÓN DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA. 11
3.3. PERSOAS MAIORES E PARTICIPACIÓN. ESTADO DA CUESTIÓN. 16
3.4. A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA. 19
4. ESTUDO EMPÍRICO 23
4.1. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN. 23
4.2. FERRAMENTAS E PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN. 25
4.2.1. CUANTITATIVOS: 25
A) ENQUISA: 25
4.2.2. CUALITATIVOS: 34
A) REVISIÓN DOCUMENTAL: 35
B) GRUPO MOTOR: 35
4.3. RESULTADOS. 36
A) COMO DE PARTICIPATIVOS/AS SE CONSIDERAN 36
B) NIVEIS DE PARTICIPACIÓN 37
C) ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN 40
D) TIPOS DE PARTICIPACIÓN 42
E) ÁMBITOS DE PARTICIPACIÓN 43
F) FORMAS DE PARTICIPACIÓN EN ACCIÓNS SOCIAIS E POLÍTICAS 44
G) TEMAS SOCIAIS DE MAIOR INTERESE E/OU PREOCUPACIÓN 50
H) PRINCIPAIS RAZÓNS OU MOTIVACIÓNS PARA PARTICIPAR 53
I) PRINCIPAIS DIFICULTADES PARA PARTICIPAR MÁIS 56
J) GRAOS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL 58
K) PERCEPCIÓN SOBRE A VALORACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES 59
L) PERCEPCIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN SOCIAL DOS DISTINTOS GRUPOS SOCIAIS 59
M) CON QUE OUTROS GRUPOS SOCIAIS PREFIREN PARTICIPAR 61

N) PERCEPCIÓNS SOBRE A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA 62

O) PRINCIPAIS BARREIRAS OU DIFICULTADES QUE IMPIDEN UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS MAIORES....64

P) PROPOSTAS PARA FAVORECER A PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA 67

5. CONCLUSIÓNS....70

6. REFERENCIAS....73

7. ANEXOS....77

7.1. ANEXO 1. FICHA TÉCNICA....77

7.2. ANEXO 2. CUESTIONARIO....78

7.3. ANEXO 3. ACHEGAS DO GRUPO MOTOR....85

7.4. ANEXO 4. COMENTARIOS PARA A MELLORA DA PARTICIPACIÓN DOS/AS MAIORES 94

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Mostra Distribuída por Sexo 28
Figura 2. Mostra Distribuída por Rango de Idade 28
Figura 3. Mostra Distribuída por Nivel de Estudos Recodificado 29
Figura 4. Mostra Distribuída por Rango de Idade Recodificada 30
Figura 5. Mostra Distribuída por Ocupación 31
Figura 6. Mostra Distribuída por Provincia 31
Figura 7. Mostra Distribuída por Zona de Residencia. 32
Figura 8. Percepción da súa participación 36
Figura 9. Grao de Participación Social 37
Figura 10. Nivel de Participación 37
Figura 11. Nivel de Participación segundo Xénero 38
Figura 12. Nivel de Participación segundo Idade Recodificada 39
Figura 13. Nivel de Participación segundo Zona de Residencia 39
Figura 14. Nivel de Participación segundo Nivel de Estudos Recodificado 40
Figura 15. Espazos de Participación máis empregados 41
Figura 16. Espazos de Participación máis empregados segundo Idade Recodificada 41
Figura 17. Xeitos de Participación 42
Figura 18. Xeitos de Participación segundo Xénero 42
Figura 19. Ámbitos nos que participan 43
Figura 20. Ámbitos nos que participan segundo Idade Recodificada 44
Figura 21. Formas de participación en accións sociais e políticas 44
Figura 22. Temas sociais de interese 50
Figura 23. Temas sociais de interese segundo xénero. 51
Figura 24. Principais Motivacións para Participar 53
Figura 25. Impedimentos para Participar 56
Figura 26. Impedimentos para Participar segundo Zona Residencia 57
Figura 27. Impedimentos para Participar segundo Idade Recodificada 58
Figura 28. Valoración d o Grao de Participación da sociedade e do colectivo maior 58
Figura 29. Percepción da valoración social das Persoas Maiores 59
Figura 30. Percepción da valoración social das Persoas Maiores por Idade Recodificada 59
Figura 31. Percepción Grupo Social máis participativo 60
Figura 32. Percepción Grupo Social menos participativo 60

Figura 33. Percepción Grupo Social máis participativo segundo Idade Recodificada 61
Figura 34. Preferencias con respecto aos outros grupos sociais 61
Figura 35. Percepción da implicación das entidades na promoción da participación 63
Figura 36. Percepción da implicación das entidades na promoción da participación das persoas maiores po zona de residencia 63
Figura 37. Principais dificultades para a Participación 64
Figura 38. Dificultades para a Participación por Xénero 65
Figura 39. Nube de palabras 68

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2022 15
Táboa 2. Mostra distribuída por nivel de estudos 29
Táboa 3. Mostra distribuída por concello de residencia 33
Táboa 4. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Rural) 46
Táboa 5. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Semi-urbana) 47
Táboa 6. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Urbana)..... 47
Táboa 7. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Máis de 80 anos).. 48
Táboa 8. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Ata 65 anos) 49
Táboa 9. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Entre 66-80 anos). 49
Táboa 10. Temas sociais de interese segundo Nivel de Estudos Recodificado 52
Táboa 11. Temas sociais de interese segundo Idade Recodificada 52
Táboa 12. Principais Motivacións para Participar segundo Ocupación (Recodificado) 54
Táboa 13. Principais Motivacións para Participar segundo Idade (Recodificada)..... 55
Táboa 14. Principais Motivacións para Participar segundo Nivel de Estudos (Recodificada) 56
Táboa 15. Preferencias con respecto aos outros grupos sociais segundo Idade (Recodificada) 62
Táboa 16. Principais barreiras identificadas segundo Idade (Recodificada) 65
Táboa 17. Principais barreiras identificadas segundo Nivel de Estudos (Recodificado) 66
Táboa 18. Principais barreiras identificadas segundo Ocupación (Recodificado)..... 67

1. INTRODUCIÓN

Solidariedade Internacional de Galicia[1] somos unha ONG de Desenvolvemento galega, fundada en 1996, que levamos vinte e seis anos de traxectoria de traballo no terceiro sector. Nos auto definimos como unha asociación de persoas que entende a solidariedade como unha forma de ser e estar no mundo, apostando pola erradicación da pobreza, a redistribución equitativa dos recursos e un modelo económico ao servizo de todas as persoas.

A nosa misión é promover acciones xeradoras de cambios positivos nas condicións de vida das persoas, mediante un funcionamento democrático, participado e innovador, que garanta a promoción da xustiza social a través dun traballo coherente e complementario en catro eixos de actuación: a Cooperación internacional, entendida esta como o apoio e colaboración con organizacións civís de países do Sur[2] desde o compromiso e recoñecemento mutuos, a Participación Social, como peza chave no impulso de novas fórmulas de facer política, a Educación para a Cidadanía Global, como un instrumento que contribúe a dar respostas ás principais problemáticas globais da humanidade e o Comercio Xusto, coma un acto de xustiza global (social, económica e medioambiental).

Así, desde a Cooperación Internacional, a Participación Social, o Comercio Xusto e a Educación para a Cidadanía Global, pretendemos a transformación social e política cara a unha cidadanía empoderada e emancipada, traballando desde o paradigma dos dereitos humanos, feminista e da interseccionalidade, empregando ferramentas e procesos participativos que permitan ás persoas ser axentes activos desta transformación.

No marco que nos ocupa, facendo mención especial á **Participación Social**, para a nosa entidade é un elemento chave e imprescindible. Mostra disto é que contamos con un estudo sobre "A Participación Social da mocidade en Galicia", desenvolvido no 2020-2021 grazas ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia (Cooperación Galega). Ademais deseñamos tamén especificamente un Manual de Participación, onde definimos a nosa concepción

[1] https://solidaridadgalicia.org/

[2] A distinción Norte-Sur non se basea en criterios xeográficos senón xeopolíticos, de xeito que entendemos por países do Norte aqueles países enriquecidos e por Sur aos países máis empobrecidos en vías de desenvolvemento e que están a padecer as consecuencias do neoliberalismo e das desigualdades económicas, sociais e culturais características do sistema de relacións internacionais.

de Participación coma unha acción colectiva, activa, crítica, responsable e comprometida orientada ao ben común, co fin de mudar dinámicas xeradoras de desigualdade e inxustiza ofrecendo solucións locais a problemas globais. A participación é, ademais, un proceso no que se dinamizan os recursos creativos da poboación, relevante para mudar as dinámicas que máis están a ameazar a nosa vida coma o esgotamento de recursos e a uniformización cultural (a uniformización cultural é o esgotamento das respostas da comunidade local aos novos problemas, en base a cada realidade social, cultural e identitaria). Por iso a participación non busca atender exclusivamente a unhas metas ou índices de calidade de vida, senón alimentar esas capacidades de rexeneración social. A construción de coñecemento e de proxecto de sociedade aséntase no contraste de visións e perspectivas sobre os problemas e sobre as posibles solucións e aspiracións, contraste que se dá entre distintos grupos sociais.

A participación é, pois, un proceso a longo prazo de cambio de cultura política nas relacións entre as Administracións Públicas e a sociedade civil, de fomento da cidadanía responsable cos asuntos de interese xeral, de promoción da creatividade comunitaria e de novos modelos colaborativos de relacións entre axentes e de busca dun modelo de toma de decisións cooperativa con base na deliberación. Por iso, na nosa labor cotiá a Participación, a Mobilización Social e o Traballo en Rede[3] son elementos esenciais e interconectados, tanto cara o interno da entidade (nos nosos xeitos de traballar, organizarnos e coordinarnos), como cara o traballo que desenvolvemos fora dela (acompañando a outras persoas, entidades e organismos nos procesos de cambio social).

É por iso que no seo da organización nace a inquedanza de desenvolver este estudo, o cal forma parte do proxecto "Programa de promoción da acción voluntaria das persoas maiores: do envellecemento activo ao envellecemento activista", financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e que pretende dar resposta a innumerables interrogantes sobre a situación da participación social das persoas maiores de 50 anos en Galicia.

O interese da análise é achegarse ao coñecemento das prácticas de participación das persoas maiores de 50 anos de Galicia. O estudo está concibido como un instrumento de reflexión para facilitar o desenvolvemento de iniciativas que promovan a participación deste colectivo dentro do territorio

[3] https://solidaridadgalicia.org/mobilizacion-e-traballo-en-rede/

galego. O seu obxecto é analizar a realidade da participación social e cidadá entre as persoas maiores e, especialmente, coñecer os elementos que facilitan ou entorpecen a súa práctica participativa.

2. OBXECTIVOS E PREGUNTAS DA INVESTIGACIÓN

O obxectivo xeral da investigación é achegarnos á realidade da participación social, política e cidadá das persoas maiores en Galicia a través dunha investigación diagnóstica de carácter descritivo. Pois a intención é poder describir o estado da participación das persoas maiores en Galicia: quen participa, en que, como, por que (motivacións /aspectos positivos), por que non (dificultades/ barreiras).

- *Obxectivo específico:*
  - Describir o estado da participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia: quen participa, en que, como, por que (motivacións /aspectos positivos), por que non (dificultades/ barreiras).

- *Preguntas de investigación:*
  - Cal é o estado da participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia na actualidade? (quen participa? Sobre que? Como participan?)
  - Cales son as principais barreiras ou dificultades que impiden a participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia? (por que non participan?)
  - Cales son os elementos que facilitan a participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia?
  - Que cuestións de índole social son as que máis lle interesan e/ou preocupan ás persoas maiores en Galicia?
  - Como podemos favorecer a participación social das persoas maiores en Galicia?

3. MARCO TEÓRICO

3.1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN.

Primeiramente, como explica Cidadanía Sociedade Cooperativa[4] (entidade colaboradora de SIG noutras investigacións e proxectos participativos) "participar é tomar parte en algo; recibir unha parte de algo; intervir, xunto con outras persoas, nun suceso ou actividade; compartir un sentimento, un estado de ánimo, unha opinión... É o dereito de toda persoa a dicir a súa palabra e a decidir sobre os asuntos que lle atinxen."

E para situar adecuadamente a investigación é necesario deixar moi claro de que tipo de Participación estamos a falar en todo momento e como é esa Participación queremos estudar.

Para elo, partimos de que existen catro tipos principais de participación, dous vencellados ao ámbito persoal e colectivo, e dous vencellados ao eido político. No primeiro grupo temos a PARTICIPACIÓN PRIVADA, que é fundamentalmente aquela que desenvolvemos de xeito persoal e individual e a PARTICIPACIÓN SOCIAL é a que busca acadar cambios a nivel comunitario ou colectivo. Mentres que existen dous tipos de participación para facer incidencia política, a máis coñecida é a denominada PARTICIPACIÓN POLÍTICA, que se constitúe formalmente nos diversos grupos políticos que coñecedes, pero tamén existe a PARTICIPACIÓN CIDADÁ, a cal se incorpora como un xeito de participación na vida política sen ter que formar parte de ningún partido máis estruturado.

Neste senso, debemos subliñar que cando falamos de Participación ao longo deste estudo e neste informe, estámonos a referir á PARTICIPACIÓN SOCIAL, é dicir, aquela que pretende a transformación social mediante procesos colectivos, aínda que nesta concepción poden incluírse ou mesturarse algúns elementos propios da Participación Política e sobre todo da Participación Cidadá. Isto débese a que é moi complexo delimitar totalmente as accións participativas, que a miúdo soen ser multifacéticas interconectando diversas dimensións.

Así pois, partimos de que participar é desenvolver unha acción colectiva, e por tanto organizada, en interese de terceiros, orientada ao ben común e ás necesidades sociais, e observando o feito da participación coma un proceso a longo prazo, dinamizador dos recursos creativos da poboación para

[4] https://cidadania.coop/es/

mudar as dinámicas xeradoras de desigualdade e inxustiza ofrecendo respostas locais a problemáticas globais, e entendendo por participación efectiva aquela que realmente contribúa a mellorar e transformar realidades. Falamos dunha participación ligada estreitamente á idea de democracia (de aí os vínculos coa participación política e cidadá) e a entendemos como unha condición indispensable para o cambio social.

Tal como a entendemos en Solidariedade Internacional de Galicia a participación é un proceso a medio-longo prazo de cambio de cultura política nas relacións entre as Administracións Públicas e a sociedade civil, de fomento da cidadanía responsable cos asuntos de interese xeral, de promoción da creatividade comunitaria e de novos modelos colaborativos de relacións entre axentes e de busca dun modelo de toma de decisións cooperativa con base na deliberación.

Dende esta óptica é dende a que analizaremos a Participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia.

3.2. CONTEXTUALIZACIÓN DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA.

Posto que o presente estudo se centra nun grupo de poboación moi especifico, que é a poboación maior, consideramos tamén relevante aportar unha breve contextualización da mesma.

O concepto de “persoas maiores” fai referencia ao último período da vida dunha persoa, que sigue á madurez, no cal se ten idade avanzada. Convencionalmente, considérase a etapa evolutiva final dunha persoa, que vai dende a xubilación ata a morte.

Con todo, establecer rangos e idades para encadrar ás persoas maiores é complexo, pois non hai un acordo global que estableza un criterio común e tamén se observan diferentes formas de denominalos segundo os diferentes tramos de idade.

Nun dos consensos da Asociación Internacional de Psicoxeriatría definiuse a poboación en grupos de idades mediante a seguinte clasificación: adulto maior mozo 55–64 anos, adulto maior maduro 65–74 anos, adulto maior 75–84 anos, anciáns maiores de 85 anos, nonaxenarios e centenarios (García & García Ortiz, 2005).

Pola súa banda, a Convención Interamericana sobre Dereitos Humanos das Persoas Maiores define no seu artigo segundo como “persoa maior” a aquelas de sesenta anos ou máis.

Doutra banda, a Organización das Nacións Unidas (ONU) considera ancián ou adulto maior a toda persoa maior de 65 anos para os países máis adiantados e maior de 60 anos para os países menos desenvolvidos.

Sen embargo, a Organización Mundial da Saúde (OMS) define como adulto maior ou ancián a toda persoa maior de 60 anos e subdivídeos nas seguintes categorías: idade avanzada 60-74 anos, vellos ou anciáns 75-89 anos, grandes vellos ou lonxevos 90-99 anos e centenarios aqueles que chegan ou superan os 100 anos.

Parece existir unha leve concordancia en canto a situar o comezo da vellez nos 60 anos, pero como vemos hai outras idades anteriores ás que se denomina "adulto mozo " ou "adulto maior", xa que na maioría dos casos, en termos xerais, desde os 55 anos xa se lles inclúe dentro do grupo de persoas maiores.

Para falar de "persoa maior", hai que diferenciar entre a idade cronolóxica e a idade funcional das persoas. Co envellecemento é normal que se sufran certos cambios biolóxicos e síndromes xeriátricas, estados de saúde complexos que aparecen nas últimas etapas da vida. Con todo, estes cambios e afeccións non se presentan por igual en todas as persoas maiores, nin se dan a unha idade concreta. Tamén existen factores que poden acelerar ou retardar o envellecemento e, sobre todo, hai que entender a vellez como unha fase máis da vida, onde se engloban un amplo grupo de persoas diversas, tanto en tramos de idade, estados de saúde, capacidades funcionais, características persoais e sociais.

Tradicionalmente, tomáronse os 65 anos, porque é un limiar fixo que coincidía coa idade de xubilación. Fácil de calcular, universalmente coñecida e empregada por estudos e leis sen ser cuestionada. Pero o mundo do envellecemento está a experimentar un cambio importante no que a esperanza de vida xa non só significa que vivimos máis, senón que alteramos o concepto de terceira idade que antes era moi empregado. Os sexaxenarios de hoxe nada teñen que ver cos de hai unhas décadas (a esperanza de vida en 1960 era de 69 anos; hoxe é de 83) e os criterios ata o de agora fixados para considerar a unha persoa maior xa non se corresponden coa imaxe real do envellecemento.

Se en vez de establecer un limiar fixo da vellez (65 anos) como se fai habitualmente, establecemos un limiar móbil determinado pola esperanza de vida, corríxense en parte os inconvenientes citados. Segundo este criterio, recollido no estudo "Un perfil das persoas maiores en España, 2017. Indicadores estatísticos básicos", realizado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), unha persoa sería vella 15 anos antes de morrer, ou neste caso 15 anos antes de cumprir a idade na que está fixada a esperanza de vida no seu país. Por tanto, en España, que é o segundo país (detrás de Xapón) con maior esperanza de vida (80,4 anos os homes e 85,9 as mulleres), a vellez chegaría aos homes aos 65 anos e ás mulleres, aos 70.

No caso europeo, español e galego, tanto as políticas públicas que abordan o envellecemento[5], como os diferentes organismos especializados[6] contabilizan ás persoas maiores a partir dos 55 anos xeralmente e, nalgúns casos, inclúense a persoas dende os 50 anos[7].

Polo tanto para o noso estudo incluímos como persoas maiores a aquelas que teñen 50 anos ou máis, establecendo a seguinte agrupación de tramos de idade:

a) Entre 50 e 54 anos (para ter un rexistro sobre as persoas menores de 55 anos).

b) Entre 55 e 65 anos (englobando a franxa de idade que vaia até a idade oficial da xubilación, na que é posible atopar persoas aínda en activo -traballando ou prexubilados/as-)

c) Entre 66 e 69 (persoas que xa pasan o limiar establecido para a xubilación, 65 anos, pero aínda non acadaron os 70).

d) Entre 70-80 (para identificar o tramo da vellez media).

e) Entre 80-90 anos (para identificar o tramo da ancianidade).

f) 90 anos ou máis (englobaría ás persoas máis maiores, nonaxenarias en diante).

Deste xeito, cando falamos de "persoas maiores" estamos englobando a todos estes tramos de idade.

[5] Lei 6/1999, do 7 de xullo, de Atención e Protección ás Persoas Maiores, Marco de Actuación para Persoas Maiores, Estratexia Nacional de Persoas Maiores, Estratexia Galega para ou envellecemento activo, etc.

[6] Consello Estatal de Persoas Maiores, Instituto de Maiores e Servizos Sociais, Confederación Española de Organizacións de Maiores, entre outros.

[7] Centros de día, aulas universitarias sénior, programas específicos de emprego, programas de envellecemento activo e saudable, aulas de formación permanente de adultos maiores, etc. desenvolven propostas específicas para persoas de 50 anos en diante.

Ao respecto das persoas maiores, nos últimos anos a distribución demográfica indica un aumento do envellecemento poboacional no mundo, prioritariamente no contexto do Norte Global, onde a esperanza de vida continúa incrementándose debido aos avances que se produciron na ciencia médica nas últimas décadas. Polo que o envellecemento da poboación no mundo global, no noso país e, en particular, en Galicia é un feito constatado.

No estado español, este fenómeno da lonxevidade obsérvase con datos que mostran que a poboación maior de 55 anos sitúase ao redor do 31,68% da poboación total, con máis de 15 millóns de persoas. A esperanza de vida ao nacemento atópase xa por encima dos 83 anos, 80,3 para os homes e 85,8 para as mulleres (INE, 2018). No caso galego, segundo o padrón municipal de habitantes do Instituto Galego de Estatística (IGE), en Galicia as persoas de 55 ou máis anos representan o 36,3% . Como se pode observar esta porcentaxe é maior na comunidade galega ca no eido nacional e mesmo europeo, o que reflicte que Galicia é un dos territorio máis envellecidos, só superado por Asturias (38%) e Castela e León (36,6 %).

Con todo, e segundo a Estratexia Galega de Envellecemento Activo desde a Innovación 2016-2020 (ESGAEN), para os vindeiros anos acentuarase o proceso de envellecemento da poboación galega, calculando que para o ano 2024, o 42,5 % da poboación galega terá 55 ou máis anos e no ano 2050 chegará ao 47,6 %. No futuro, a curto ou longo prazo, a poboación galega seguirá envellecendo de forma progresiva.

Segundo o "Ranking de Territorios pola Economía Sénior 2021"[8], realizado polo Centro de Investigación Ageingnomics da Fundación Mapfre, Galicia é a comunidade autónoma española con maior esperanza de vida a partir dos 65 anos, a terceira en esperanza de vida ao nacemento (83,34 anos), en porcentaxe de maiores de 55 anos (40,03% da poboación) e en número de centros de maiores por cada dez mil habitantes (0,36) e vivendas para aloxamento de maiores por cada 10.000 habitantes de 65 ou máis anos (2,24). Apuntar, tamén, que ocupa a cuarta posición entre as autonomías na taxa de desemprego de persoas maiores de 50 anos e media de vida (8,90%), e a quinta na porcentaxe de ocupación por encima desa franxa (21,10%).

[8] https://documentacion.fundacionmapfre.org/documentacion/publico/es/media/group/1113806.do

Outros datos de interese que arroxa este ranking son os que se refiren á participación social ou pública das persoas maiores, pois Galicia é a segunda comunidade con maior porcentaxe de alcaldes de 55 ou máis anos nas cidades (o 60%) e a quinta comunidade con máis electores séniores (1.060.553 persoas), o que supón o 47,40% do total dos electores galegos/as.

Este mesmo estudo, apunta como aspectos negativos que Galicia é a peor en canto a esperanza de vida en boa saúde, tomando como referencia a data de nacemento, que se sitúa en 47,77 anos e é a última das comunidades autónomas en taxa media de cobertura de servizos asistenciais (2,53%). Hai outros indicadores preocupantes: a baixa taxa de actividade (só un 23,60%) entre as persoas que superan a cincuentena, a pensión media de xubilación (1.004,30 euros), a escaseza de centros residenciais ou a baixa taxa de persoas atendidas por servizos de teleasistencia.

Para o estudo que imos a desenvolver na nosa comunidade autónoma, tomaremos como referencia os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística (IGE), que nos indica -como se amosa na seguinte táboa- que en Galicia contamos cun total de 1.305.833 habitantes de 50 anos en diante, dos cales 711.517 son mulleres (54,49%) e 594.316 homes (45,51%).

Táboa 1. Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2022

Idade	Homes	Mulleres	Total
50-54	104.776	108.542	213.318
55-59	96.580	102.871	199.451
60-64	91.691	98.743	190.434
65-69	80.616	88.923	169.539
70-74	72.091	83.607	155.698
75-79	61.509	78.083	139.592
80-84	39.602	57.452	97.054
85 e máis	47.451	93.296	140.747
TOTAL	594.316	711.517	1.305.833

Nota. Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE (data 21 de decembro de 2022)[9]

[9] http://ir.gl/9cc369

3.3. PERSOAS MAIORES E PARTICIPACIÓN. ESTADO DA CUESTIÓN.

Á hora de revisar o estado da arte da participación social e cidadá das persoas maiores en España e en Galicia, atopamos como primeiro escollo a escaseza de datos e estatísticas que dean conta da situación. Por iso hai que tomar en consideración que faremos referencia a datos que poden estar desactualizados ou ser máis antigos do recomendable e, polo tanto, compre tomalos como unha orientación xeral xa que é posible que non reflictan con rigorosidade o estado do tema na actualidade.

Tendo en conta o anterior e mergullándonos de cheo na procura de información, atopamos que segundo a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español, fai doce anos o 43% das persoas maiores indicaban ter desexos de participar máis socialmente, cuestión correspondida polo 47% da sociedade española, quen consideraba que as persoas maiores deberían ter moita máis presenza nos distintos ámbitos sociais (EAPN, 2002).

Estas tendencias coinciden cos datos aportados polo IMSERSO en 2011 no seu *Libro Branco sobre Envellecemento Activo*, no que recollía que:

- O 53% de persoas maiores inician novas actividades despois dos 65 anos logo da xubilación, cando en comparativa, no 1993 só o facía o 9,5% dos mesmos.
- O 43% dos maiores quere participar activamente e de maneira integral na sociedade española.
- O 28% pertence a algunha organización e un 8%, concretamente, a organizacións de voluntariado.
- O 87% desexa vivir na súa casa o maior tempo posible, pero, á vez, desexan manter relacións familiares intensas, das que xa goza o 89 %. Froito disto e da gran solidariedade interxeracional que demostran, un 70 % contribúen ao coidado das súas netas e netos.
- O exercicio físico e a formación educativa son actividades emerxentes entre as persoas maiores: o 86 % das persoas maiores non superaron os estudos primarios, pero xa no ano 2007, o 8 % das persoas maiores declararon participar en actividades educativas.

Esta demanda de máis participación na vida social por parte das persoas maiores, prodúcese porque, ao feito do progresivo envellecemento poboacional das nosas sociedades, súmase un tipo de envellecemento moito máis activo que implica que o 60% das persoas maiores comezan novas

actividades tras a xubilación. Así no ano 2010, o 72% das persoas maiores xubiladas pertencían a algunha asociación, o 5% a organizacións de maiores e o 4,5% a entidades de voluntariado, pero ao mesmo tempo detectouse que se daba unha baixa participación formal (Instituto de Mayores y Servicios Sociales, 2010). Neste mesmo estudo conclúese que o xénero, a zona de residencia e o nivel de estudos inflúen na participación social das persoas maiores, pois "participan máis as mulleres, as persoas con maior formación e as que vivían nas cidades" (Instituto de Mayores y Servicios Sociales, 2010, p. 11).

Si falamos de persoas maiores e asociacionismo, segundo datos do IMSERSO (2008), a posición das persoas maiores no movemento asociativo ten un marcado carácter diverso, que vai desde a participación en múltiples temáticas dentro de grandes asociacións e das ONG, ata a contribución en fogares e clubs de persoas xubiladas. De feito, "a realidade do movemento asociativo actual das persoas maiores é que posúe unhas cotas significativas de participación, que viñeron incrementándose nos últimos anos, sendo esta característica a que definirá a tendencia a futuro" (IMSERSO, 2008, p. 32). Outra conclusión deste informe indicaba un cambio significativo nas asociacións formadas por persoas maiores, non limitándose só á realización de actividades senón virando cara un modelo de asociacionismo máis dinámico e activo que noutras épocas anteriores.

Sobre voluntariado, en datos do 2016, que non están desagregados por idades senón que xeneralizan falando de "persoas adultas" atopamos que

> en canto ás actividades de voluntariado, un de cada 10 adultos participou a través dunha organización, e unha porcentaxe similar fíxoo á marxe das mesmas. Obsérvase maior participación entre as mulleres, entre as persoas con maiores ingresos e entre as persoas con educación superior. Por último, un 7,9% dos adultos participou en actividades de partidos políticos, manifestacións, etc. en 2015 (Instituto Nacional de Estadística, 2016, p. 5)

Aínda que non podemos saber con exactitude como serían esas cifras tendo en conta só ás persoas de 50 anos en diante.

Algúns datos sobre voluntariado e persoas maiores, indican que " a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos que participan en actividades de voluntariado ascende ao 22,5%, superando en 10 puntos

porcentuais á media da poboación (12,5%)" e que as persoas maiores de 65 anos dedican de tempo medio diario a actividades de voluntariado "1:37 minutos, dedicación lixeiramente inferior á da poboación voluntaria total (1:49)" (IMSERSO, 2008, p. 97).

Pola súa banda, no informe *Envellecemento e capital social: a importancia das redes de amigos e a participación social no benestar individual*, recóllese que

> en Europa, a participación en actividades é bastante máis elevada entre quen recibe axuda dentro do fogar que en España, por exemplo, no voluntariado (16,7 % en Europa fronte a 1,7 % en España) e deportes e outras actividades sociais (29,4 % fronte a 12 %) (Malo & Pagán, 2021, p. 69).

Por outro lado, como consecuencia de estereotipos negativos sobre a vellez e o edadismo[10], non se recoñece o potencial e as contribucións que as persoas maiores poden aportar á sociedade unha vez deixan de traballar, pasando a ter unha consideración de "cidadáns pasivos". Isto provoca que en moitas ocasións se vexan abocados á soidade e ao illamento, xerando novas barreiras para participar das actividades e das relacións sociais en igualdade de condicións que outros grupos sociais, polo que son dobremente discriminados ou excluídos.

Ademais, outros factores que silencian as súas voces e inflúen na baixa participación social das persoas maiores restándolle oportunidades efectivas para o exercicio deste dereito son: a pouca accesibilidade, a fenda dixital, a falta de mecanismos axeitados que favorezan a súa participación significativa nos espazos políticos e na formulación de políticas que lles afectan directamente, a escaseza de recursos económicos ou as limitadas actividades culturais e de lecer ás que teñen acceso, que ademais de estar deseñadas desde perspectivas estereotipadas, desenvólvense en contornas segregadas (Helpage International España, 2021, p. 11).

É importante tamén destacar o impacto negativo que supuxo a Covid19 no acceso á participación social deste colectivo a nivel mundial, pois durante a pandemia acrecentouse a falta de inclusión e de participación das persoas maiores na vida social e política (Naciones Unidas, 2020), afectando gravemente aos tres pilares básicos do envellecemento activo (saúde, seguridade e participación) e

[10] Termo acuñado polo xerontólogo e psiquiatra Robert Butler na década dos 60 para referirse aos estereotipos e prexuízos existentes en relación á idade e que se traducen en discriminacións por esta razón.

contribuíndo a un maior illamento e exclusión social deste colectivo (Helpage International España, 2020). Por todo elo dende HelpAge España avogan por non obrigar ás persoas maiores a adaptarse á norma da xuventude que está instaurada na sociedade, senón a traballar en modelos de participación social realmente inclusivos e integradores para todas as idades.

3.4. A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES EN GALICIA.

Na nosa comunidade existe un traballo de promoción da participación das persoas maiores, impulsado fundamentalmente polas institucións públicas galegas dende as diferentes administracións.

Dende a Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia púxose en marcha no 2010 o Plan galego das persoas maiores, 2010-2013. Horizonte 2015[11] coa finalidade de mellorar a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores. O Plan contou con seus respectivos Informes de Seguimento nos anos 2012[12], 2013[13], 2014[14] e 2015.[15] Foi un instrumento de importante relevancia, concibido para orientar as políticas e actuacións sociais na promoción da calidade de vida deste segmento de poboación no noso territorio cunha perspectiva transversal, integral, activa e preventiva. O citado plan contiña 4 grandes núcleos de acción: a promoción de valores e protección de dereitos; o envellecemento activo e a participación social; a prestación de servizos con eficacia e calidade; a cooperación transversal ou interdepartamental. Para este estudo é pertinente destacar o seu enfoque activo,

> destinado a fomentar actitudes moito máis activas e participativas nas persoas maiores, permitindo o salto da consideración deste sector da poboación como

[11] https://observatorio.campus-virtual.org/uploads/29728_Galicia_Plan_Mayores-2010-2013.pdf
[12] https://politicasocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/informe-de-seguimento-2012-plan-galego-das-persoas-maiores-2010-2013
[13] https://politicasocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/plan-galego-das-persoas-maiores-2010-2013-horizonte-2015-informe-de-0
[14] https://politicasocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/plan-galego-das-persoas-maiores-2010-2013-horizonte-2015-informe-de
[15] https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/informe-de-seguimento-2012-plan-galego-das-persoas-maiores-2010-2013-horizonte

> destinatario das políticas e programas a definidores dos mesmos en función das demandas e necesidades específicas por elas mesmas manifestadas (p. 20).

No ano 2011 a Xunta publicou a "Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade"[16], que se centrou na prevención, na detección e na atención ante situacións de maltrato ás persoas maiores e adultas con discapacidade.

En 2012 a Xunta puxo en marcha o primeiro decálogo de dereitos das persoas maiores de Galicia, texto incluído no citado Plan Galego das Persoas Maiores coa finalidade de fomentar a plena participación social deste colectivo e para promover esta etapa da vida como unha etapa positiva.

No 2013 a Xunta de Galicia reforza o seu compromiso co envellecemento activo e o benestar das persoas maiores e persoas con discapacidade como colectivo prioritario coa elaboración da "Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Horizonte 2020"[17], que prantexou seis áreas de actuación: Educación e concienciación da cidadanía; Contribución ao aumento da esperanza de vida libre de dependencia; Mellora do diagnóstico e da calidade de vida das persoas con dependencia moderada; Apoio ao contorno familiar e estímulo da participación cidadá; Investigación e innovación para ampliar a vida saudable e autónoma das persoas; Reforzo e mellora continua dos recursos dedicados á prevención da dependencia.

No ano 2016 a Consellería de Política Social da Xunta publica a Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020 (ESGAEN)[18], un marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura. Trátase dun compromiso da Xunta de Galicia para garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen promovendo o envellecemento activo. Entre os seus obxectivos, atopamos dous relacionados directamente coa participación social das persoas maiores:

> Promover a participación das persoas maiores en todos os ámbitos da vida reforzando os cauces existentes para facelo e suscitando nelas o desexo de facelo.

[16] https://observatorio.campus-virtual.org/uploads/31685_Galicia_Guia_Mayores-malos-tratos-2012.pdf
[17] https://observatorio.campus-virtual.org/uploads/31684_Galicia_Dependencia-2013.pdf
[18] https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/publicacions/esgaen_2016-2020.pdf

Desenvolver medios e espazos que promovan a participación activa, solidaria e comprometida das persoas maiores co seu ámbito (Xunta de Galicia, 2016, p. 24).

A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia[19] fai fincapé na promoción da Participación Cidadá (Artigo 6 do Título I, Capítulo I, p. 18) con especial atención á infancia, adolescencia e ás persoas maiores. Tamén inclúe no seu Capítulo VII actuacións vencelladas coa promoción dun Envellecemento Activo e saudable, que se materializan nos artigos do 102 ao 109, nos que se abordan os criterios xerais de actuación en materia de envellecemento activo, a economía do envellecemento, o Cuarto Ciclo, as posta en valora da experiencia, a atención domiciliaria, o acompañamento, a prevención da soidade non desexada e o reforzo das relacións interxeracionais (Comunidad Autónoma de Galicia, 2021, pp. 38–40).

Asemade, a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria como instrumento de cambio e transformación social, especifica no seu Capítulo II, artigo 24., apartado f) Favorecer a incorporación á acción voluntaria e a inclusión social de colectivos con menor índice de representación no ámbito da acción voluntaria ou que teñan dificultades de incorporación á mesma e daqueles en risco de exclusión, particularmente das persoas maiores, as mulleres, as persoas con discapacidade, as minorías étnicas, a poboación inmigrante, as e os mozos tutelados, as persoas sen teito e as vítimas da violencia de xénero.

Moitas das normativas ou mecanismos autonómicos dirixidos ás persoas maiores están intimamente vencellados coa atención sociosanitaria como a dependencia, a asistencia, o acollemento, a prevención de enfermidades, soidade e malos tratos ou os servizos sociais (Servizo Galego de Atención á Dependencia; Programa de Acollemento Familiar para persoas maiores; Programa de teleasistencia da Comunidade Autónoma Galega, etc.).

No que atinxe a accións concretas impulsadas pola Xunta de Galicia para as persoas maiores, pódense destacar aquelas orientadas ao desfrute do ocio e do lecer, a formación ou a corresponsabilidade, como é o caso dos programas "Xuntos polo Nadal", "Benestar en balnearios", "Lecer activo", "Universidade sénior" ou as "Escolas de avós e avoas educadores".

[19] https://www.boe.es/buscar/pdf/2021/BOE-A-2021-5136-consolidado.pdf

Por outra banda, a Xunta proporciona instrumentos de financiamento para dinamizar diferentes programas de Voluntariado Sénior, fundamentalmente mediante a Consellería de Política Social, dende a cal se destinan anualmente cartos para convocar subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Voluntariado Sénior dirixido a persoas maiores de 55 anos (colectivo que se incorporou recentemente no 2019, "como referente a ter en conta e como vital elemento de transformación social").

É destacable tamén o proxecto Envellecemento+Activo do Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP), desenvolvido entre Galicia e o Norte de Portugal, que ten por obxectivo promover a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais innovadores para a detección precoz de necesidades futuras de dependencia e a promoción do envellecemento activo e saudable.

Recentemente, no 2022, a Xunta ven de publicar a primeira convocatoria para proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto-piloto Talento Interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. A súa finalidade é

> aproveitar o talento e a experiencia das persoas maiores voluntarias implicadas para contribuír á modificación da estrutura poboacional, tratando de aumentar a taxa de poboación nas zonas rurais, ofrecendo oportunidades vitais axeitadas ás necesidades reais do medio rural e mellorar as condicións de vida e os servizos sociais e asistenciais de proximidade mediante un modelo planificado de recuperación económica onde se poidan desenvolver proxectos vitais con certas garantías de futuro e permanencia coa axuda da tecnoloxía e da innovación (DOG Núm. 184, 2022, p. 51317).

Dende o ámbito máis local cabe mencionar o "Proxecto da rede de cidades amigables coas persoas maiores", no que participaron 29 municipios de España en 2022, catro deles galegos: Santiago de Compostela, Castrelo de Miño, Ourense e Baiona (Quinzán & Groba, 2020).

Outras iniciativas públicas a destacar son: a Rede Galega de centros sociocomunitarios do benestar para as persoas maiores válidas, que está integrada por máis de 45 centros distribuídos por toda a

xeografía galega. Esta rede configúrase coma un servizo social dirixido a desenvolver accións de participación, integración social e convivencia interxeracional e a proporcionar información e orientación sobre programas, recursos e actividades do sistema galego de benestar. Esta rede de centros sociocomunitarios compleméntase coa Rede de centros residenciais e apartamentos tutelados para persoas con autonomía da Xunta de Galicia, integrada por 14 centros distribuídos nas catro provincias galegas. Por outra banda, os servizos sociais municipais dos concellos tamén son un axente chave no ámbito da prestación de servizos de envellecemento activo e saudable.

Pola banda privada atopamos unha ampla aglomeración de agrupacións e entidades moi diversa, que atende a cuestións específicas do envellecemento activo, como poden ser: Confederación Galega de Asociacións de Maiores, Asociación Galega de Xubilados e Pensionistas, Federación Territorial de Xubilados e Pensionistas de Galicia, Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural, Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, Confederación Española de Aulas da Terceira Idade, Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior, Asociación de Mulleres para o Envellecemento Saudable. Algunhas fundacións moi destacadas tamén son: Fundación Abanca, Obra Social La Caixa, Fundación Barrié ou Fundación Alzhéimer entre outras, que contan con programas e espazos para persoas +55 e +60.

4. ESTUDO EMPÍRICO

4.1. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN.

En xeral, e seguindo a Bohórquez, Andrade, Carrillo e Silva (2018), podemos indicar que o presente estudo se trata dunha investigación aplicada, indutiva, descritiva e mixta tal como se especifica a continuación:

- Segundo a función do propósito: aplicada (ou empírica), porque que non busca só indagar senón tamén transformar, é dicir, pretende aplicar ou empregar o coñecemento adquirido para facer propostas de resolución destinadas á acción.

- Segundo a inferencia: indutiva porque vai do particular ao xeral, é dicir, que "mediante o análise das características observadas nun reducido número feitos e as súas relacións, permitirá establecer proposicións máis xerais" (Rojas, 2013, p.156).
- Segundo a natureza dos datos: é unha investigación mixta porque combina os paradigmas metodolóxicos cuantitativo e cualitativo, permitindo a triangulación e complementariedade dos datos (Driessnack, Sousa e Costa, 2007). Tendo en conta que ambas perspectivas compleméntase no coñecemento, explicación e comprensión da realidade social, optouse por esta estratexia xa que ambos enfoques permiten un achegamento diferente para coñecer distintos aspectos da realidade. O cal nos parece de utilidade para obter unha información moito máis completa e rigorosa do caso a investigar.
- Segundo o nivel de profundidade: descritiva (ou diagnóstica), xa que se basea en caracterizar o fenómeno de estudo expoñendo en detalle os seus trazos para obter unha imaxe o máis completa posible do mesmo.

A investigación diagnóstica, seguindo a Escalada, Fernandez Soto e Fuentes (2004)

> É un tipo específico de investigación empírica, que nos permite comprender os feitos sociais "situados" ou " contextuados", brindándonos un dobre resultado. Por unha banda unha cosmovisión orgánica e dinámica dos problemas sociais e as determinacións destes, precisando a magnitude cuali-cuantitativa dos mesmos, desde os cales se pretende xerar un proceso de intervención profesional. Doutra banda, a investigación diagnóstica bríndanos unha delimitación dos espazos estratéxicos para a acción. Isto supón a análise da acción dos actores sociais involucrados, historicamente contextuados. (p.77)

Posto que o estudo se focaliza nunha determinada franxa de poboación (as persoas maiores) e nun territorio determinado (Galicia), incidimos nunha investigación de carácter emancipador, é dicir, comprometida coa transformación social, organizativa e educativa (Carr e Kemmis, 1986) na que a as persoas maiores ocupan o papel protagonista, non sendo só un obxecto de estudo pasivo ou observable, senón tamén un suxeito activo da propia investigación e, polo tanto, tendo un papel reflexivo, autónomo, de toma decisións e de interpretación da realidade coa finalidade de

transformala e mellorala. Tamén pretendemos proporcionar descricións e interpretacións, non xeneralizacións. Trátase de amosar visións plausibles susceptibles de provocar nos lectores/as xeneralizacións naturalistas (Stoke, 1998), de tal xeito que outros colectivos ou grupos de maiores galegos/as, con experiencias semellantes, podan aplicar aspectos das nosas achegas á súa propia experiencia nos seus escenarios particulares ou, cando menos, lles proporcione oportunidades para reflexionar en relación á participación efectiva nos asuntos sociais, políticos, cidadás e cívicos.

A fiabilidade do procedemento preténdese acadar mediante o rexistro pormenorizado de todo o relativo á recollida de datos así como á súa posterior triangulación para favorecer o diálogo entre ambos enfoques que permitisen acadar unha maior comprensión dos resultados e do fenómeno (Aravena, Kimelman, Micheli, Torrealba e Zúñiga, 2006).

Asemade atendeuse ás consideracións éticas necesarias para realizar a investigación, de maneira que se solicitou un consentimento informado tanto para os datos anónimos procedentes das enquisas como para a recollida de datos cualitativos, que foi comunicado de xeito previo ás distintas sesións co propósito de asegurar a confidencialidade e o dereito ao control dos datos.

4.2. FERRAMENTAS E PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.

4.2.1. CUANTITATIVOS:

a) Enquisa:

Para resolver o obxectivo diagnóstico da investigación, posto que o enfoque cuantitativo "emprega a recollida de datos con base na medición numérica e a análise estatística, para establecer patróns de comportamento e probar teorías" (Sampieri, Collado e Lucio, 2004, p.5), aplicouse unha enquisa (Anexo 1) ao grupo mostra, cuxos resultados se representaron numericamente.

O obxectivo da enquisa foi describir o estado da participación das persoas maiores en Galicia: quen participa, en que, como, por que (motivacións /aspectos positivos), por que non (dificultades/ barreiras).

Para elo, deseñouse o cuestionario e pasouse de xeito virtual, empregando o Google Forms, tamén chamado Formularios de Google. Trátase dunha das ferramentas de Google Workspace que permite crear formularios simples e rápidos, moi axeitados para facer enquisas en liña. Ademais trátase dunha plataforma gratuíta, doada de acceder dende un dispositivo móbil, que non precisa ningunha aplicación extra para cumprimentar datos e permite que múltiples usuarios podan enviar respostas ao mesmo tempo.

Eliximos esta aplicación pola súa versatilidade, pois conta con interesantes funcionalidades como a selección de idioma (empregamos o galego), poder facer unha enquisa de forma pública ou só por invitación, respostas anónimas ou con selo de tempo, IP, etc., ademais de ferramentas para a visualización e interpretación dos datos obtidos ou a súa exportación para tratamento fóra da plataforma.

O cuestionario contou con 26 preguntas escritas cunha linguaxe sinxela e na súa maioría pechadas e de resposta múltiple sendo útiles para describir o estado da participación das persoas maiores de 50 anos en Galicia.

As preguntas foron presentadas en dous bloques. Por unha banda, o "Bloque de datos sociodemográficos" formado por 7 preguntas pechadas de resposta única para establecer o perfil da mostra, recolléndose información referente a xénero, idade, nivel de estudos, ocupación, provincia, concello e zona de residencia. Por outra banda o "Bloque de opinión" contou con 19 preguntas, 18 delas pechadas de resposta múltiple (sobre niveis/graos de participación e implicación, espazos, ámbitos e xeitos de participación máis empregados, temáticas sociais de maior interese, motivacións e dificultades para exercer a participación, relevancia e implicación no fomento da participación para distintos grupos sociais e entidades, etc.). Tamén se incluíu 1 pregunta aberta (a nº 26 para indagar e recoller as súas ideas sobre como incrementar a participación das persoas maiores e outros comentarios que quixeran facer constar).

O traballo de campo e recollida de información realizouse entre o 17 de novembro e o 17 de decembro de 2022, tempo en que a enquisa estivo aberta. Antes desa data compartiuse a ligazón por diversas canles (redes sociais, correo electrónico, WhatsApp, Código QR impreso nas tres tendas de comercio xusto da entidade, etc.). Fixéronse múltiples contactos directos, dende departamentos de maiores de diferentes concellos galegos, Universidades Sénior galegas (Universidade de Vigo, IV Ciclo

da Universidade de Santiago, Universidade da Coruña), Oficina de Cooperación e Voluntariado, entidades colaboradoras da nosa organización e entidades con traballo directo con xente maior (ATEGAL, Fundación Eduardo Pondal, AGADEA, Afundación, etc.). A finalidade dos contactos foi que todas estas persoas e entidades compartisen e fixeran chegar a enquisa ao maior número de persoas posible. Ao longo do proceso levouse a cabo unha intensa labor de seguimento da mesma.

O reto que establecemos como propósito, tendo en conta o Universo (poboación de 50 anos en diante de Galicia), foi acadar un nivel de resposta de 400 enquisas, que sería o óptimo e que nos situaría nun nivel do +- 5% de erro porcentual, e no seu caso o mínimo a alcanzar serían as 200 enquisas. Finalmente e tendo en conta as nosas limitacións en canto á capacidade de alcance, conseguimos un total de 218 respostas. Posteriormente procedeuse á validación e depuración dos datos, comprobando a consistencia da información, eliminando enquisas que non cumprían os criterios de calidade establecidos e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse empregando a aplicación Google Forms, exportándose en formato .csv (siglas de "Comma Separated Values") que significa valores separados por comas. Trátase dun arquivo de texto cun formato específico que permite mover datos entre os programas en forma tabular e poder filtralos.

Mostra:

A enquisa enfocouse a través dunha mostra exploratoria non probabilística, dado que sempre ofrecer maior flexibilidade nunha investigación de reducidas dimensións, sobre todo cando non hai demasiada información previa sobre o tema (Alvira, 2015), como é o caso. Como a mostra non é probabilística non procede o cálculo de erro estatístico. Non se realizou segmentación previa, fíxose a posteriori tendo en conta variables de clasificación preguntadas na enquisa relativas ao sexo, idade, nivel de estudos, ocupación e variable hábitat.

Tal como se amosa na Figura 1, a mostra compúxose dun total de 213 enquisas válidas (logo da súa depuración) e está integrada por persoas galegas maiores de 50 anos, dos cales 134 foron mulleres, o que representa o 62,9% da mesma, polo que o estudo conta con certo sesgo de xénero.



Figura 1. Mostra Distribuída por Sexo

Outra das variables a ter en conta foi a idade, que se desagregou en seis tramos: entre 50 e 54 anos; entre 55 e 65 anos; entre 66 e 69; entre 70 e 80 anos; entre 80 e 90 anos; e maiores de 90. Como se pode ver na Figura 3, o 40,8% son persoas de entre 55 e 65 anos e o 23,4% menores de 55 anos, polo que se sumamos ambos tramos de idade, obtemos que máis da metade dos participantes (o 64,2%) sitúanse nos tramos de idade máis novos.



Figura 2. Mostra Distribuída por Rango de Idade

En canto á variable nivel de estudos, pódese observar na táboa 2 unha leve maior participación das persoas que contan con estudos universitarios, sendo o 42,3% dos/as enquisados/as.

Táboa 2. Mostra distribuída por nivel de estudos

Nivel de estudos	Número	Porcentaxe
Sen estudos	4	1,9%
Estudos primarios	32	15,0%
Estudos secundarios	44	20,6%
Formación Profesional	43	20,2%
Estudos universitarios	90	42,3%
NS/NC	0	0,0%
Total	213	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Asemade, se recodificamos os datos, agrupando ás persoas con Estudos Secundarios e de Formación Profesional por ser un nivel de estudos medios, estes supoñen o 40,8% da mostra. Polo que se pode indicar que a maioría das persoas enquisadas contan con estudos medios ou universitarios.



Figura 3. Mostra Distribuída por Nivel de Estudos Recodificado

Dado o número de participantes na enquisa, optamos por facer unha recodificación dos tramos de idade, que permita facilitar a análise dos resultados e porque podemos aglutinar ás persoas participantes en menores de 65 anos (aquelas que aínda están en idade de ser activos laboralmente), aos que se atopan entre os 65 e os 79 (aqueles que por idade xa están na etapa de xubilación temperá) e en maiores de 80 anos (pois son os que se atopan nas últimas etapas da vellez e porque na nosa mostra son os menos representativos).



Figura 4. Mostra Distribuída por Rango de Idade Recodificada

En canto ao perfil de ocupación, o 40,4% dos/as participantes na enquisa traballan a tempo completo e o 39,9% son xubilados ou pensionistas.



Figura 5. Mostra Distribuída por Ocupación

A Figura 5 amosa un sesgo importante en canto á variable zona de residencia, xa que responderon maioritariamente dunhas provincias en comparación con outras. A provincia máis representada é A Coruña, cun 67,1% de repostas, seguida de Pontevedra cun 17,9%, de Lugo en terceiro lugar cun 8,9% e, por último, Ourense con tan só unha representación do 5,6%.



Figura 6. Mostra Distribuída por Provincia

En canto á densidade de poboación na que residen as persoas participantes na enquisa, a maioría, un 58,7% proceden de zonas urbanas, e un 28,2% zonas semi-urbanas, sendo os habitantes de zonas rurais os menos representados con tan só o 13,1% da mostra.



Figura 7. Mostra Distribuída por Zona de Residencia.

No que se refire a concellos de residencia, o estudo está sesgado polo número de participantes da cidade da Coruña. Pois tal e como se observa na táboa 3, a mostra está composta por unha maioría de veciños e veciños da cidade herculina, chegando a representar o 32,52% do total da mostra. Xa seguida de lonxe figuran Vigo cun 7,04% de representación, Santiago de Compostela cun 5,64% e Lugo cun 4,23%. Despois hai concellos como Ames e Oleiros que contan cunha representación do 3,76%. O resto de municipios que están representados por máis de 1 persoa, caracterízanse por tratarse de localidades cun perfil semi-urbano na súa maioría, pero moi heteroxéneos e diversos entre si, pois por exemplo hai municipios do literal costeiro como Ribeira, A Pobra do Caramiñal, A Illa de Arousa, Cangas do Morrazo ou Vilagarcía de Arousa e, por outro lado, concellos máis do interior como Bergondo, Arteixo, A Laracha, Cambre, Culleredo, As Pontes, etc.

É destacable que un 4,23% dos participantes non cubriu o dato concello de residencia, e que outros concellos están representados por tan só 1 soa persoa, como é o caso de: Antas de Ulla; Arou; Bande; Barreiros; Caldas de reis; Cambados; Carril; Entrimo; Folgoso do Courel; A Fonsagrada; Friol; Lourenzá; Marín; Meis; Moaña; Monforte; Nigrán; O Barco de Valdeorras; O Bolo; Rianxo; Porto do

Son; San Sadurniño; Ribadeo; Rois; Sada; Castro Caldelas; Teo; Serra de Outes; Viana do Bolo; Teis; Verín e Vilanova de Arousa.

Táboa 3. Mostra distribuída por concello de residencia

Concello de residencia	Número	Porcentaxe
A Coruña	65	30,52%
A Laracha	4	1,88%
A Pobra do Caramiñal	4	1,88%
Ames	8	3,76%
Arteixo	3	1,41%
As Pontes	3	1,41%
Bergondo	2	0,94%
Betanzos	2	0,94%
Cambre	5	2,35%
Cangas do Morrazo	2	0,94%
Santiago de Compostela	12	5,64%
Culleredo	3	1,41%
Ferrol	2	0,94%
Illa de Arousa	2	0,94%
Lugo	9	4,23%
Miño	2	0,94%
Oleiros	8	3,76%
Ourense	5	2,35%
Poio	2	0,94%
Pontevedra	5	2,35%
Ribeira	7	3,29%
Vigo	15	7,04%
Vilagarcía de Arousa	2	0,94%
NS/NC (en branco)	9	4,23%
Antas de Ulla	1	0,47%
Arou	1	0,47%
Bande	1	0,47%
Barreiros	1	0,47%
Caldas de reis	1	0,47%
Cambados	1	0,47%
Carril	1	0,47%
Entrimo	1	0,47%
Folgoso do Courel	1	0,47%
A Fonsagrada	1	0,47%
Friol	1	0,47%

Lourenzá	1	0,47%
Marín	1	0,47%
Meis	1	0,47%
Moaña	1	0,47%
Monforte	1	0,47%
Nigrán	1	0,47%
O Barco de Valdeorras	1	0,47%
O Bolo	1	0,47%
Rianxo	1	0,47%
Porto do Son	1	0,47%
San Sadurniño	1	0,47%
Ribadeo	1	0,47%
Rois	1	0,47%
Sada	1	0,47%
Castro Caldelas	1	0,47%
Teo	1	0,47%
Serra de Outes	1	0,47%
Viana do Bolo	1	0,47%
Teis	1	0,47%
Verín	1	0,47%
Vilanova de Arousa	1	0,47%
Total	213	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Como resumo xeral, pódese indicar que a mostra está composta por unha maioría de mulleres da zona urbana, residentes na provincia e cidade da Coruña, con estudos universitarios, que traballan a tempo completo ou son pensionistas atopándose nun rango de idade entre os 55 e os 65 anos. Ese sería o perfil máis representativo da mostra participante na enquisa.

4.2.2. CUALITATIVOS:

Para concretar o obxectivo propositivo, que precisa de niveis profundos de reflexión, interacción, discusión e análise por parte dos propios protagonistas, empregouse o enfoque cualitativo, o cal non ten finalidade de ser medido senón comprendido debido ao seu carácter interpretativo, pois "a realidade se define a través das interpretacións dos participantes na investigación respecto das súas propias realidades" (Sampieri, Collado e Lucio, 2004, p.9). É dicir, que este método nos permitirá observar o fenómeno a estudar (a participación das persoas maiores) dende a particular e subxectiva

visión das persoas que forman parte da investigación. Para o caso leváronse a cabo técnicas de recollida de datos como a revisión documental e os grupos de discusión (Grupo Motor).

Para o procedemento de recollida de datos, empregamos as seguintes técnicas cualitativas:

a) Revisión documental:

A revisión documental forma parte dunha estratexia de triangulación que permite darlle coherencia, fiabilidade e solidez aos datos. A finalidade desta é contrastar a información que provén de diversas fontes. Seguindo a Goetz e LeCompte (1988), realizamos unha revisión de documentación, procedentes de libros, arquivos e páxinas web, sobre estudos previos semellantes para orientar o obxectivo do estudo e se analizaron fontes de datos secundarias relacionadas coa participación e as persoas maiores para elaborar o estado da cuestión e elaborar o marco teórico.

b) Grupo Motor:

O Grupo Motor é unha estratexia de traballo moi empregado nos procesos de Participación Social ou Cidadá, xa que se trata dun grupo mixto e estable durante todo o proceso que ten como actividade principal a de diagnostico participativo, por iso o eliximos para a recollida de información grupal da investigación.

Conformación do Grupo Motor: foi ao inicio do estudo, no mes de novembro de 2022, e estivo integrado por 2 persoas de Solidariedade Internacional de Galicia (unha delas actuando de moderadora) e por 28 persoas maiores galegas, 16 delas alumnos/as de ATEGAL, sede de Santiago de Compostela e 12 persoas maiores da Fundación Eduardo Pondal en O Couto (Ponteceso). Elixíronse persoas participantes de ambas entidades por teren participado no itinerario formativo “Activismo Sénior; Cooperación Internacional e Cidadanía Global a partir dos 50, que se desenvolveu ao longo do proxecto “Do envellecemento activo ao envellecemento activista” no que se enmarca esta investigación.

Rol do Grupo Motor: desenvolveu unha función de guía do estudo, contraste e ordenación da investigación. O papel do Grupo Motor foi tamén facer un seguimento e orientación continua sobre

o traballo de investigación, formulando preguntas de investigación, debatendo sobre as informacións acadadas, e trazando liñas estratéxicas.

Desenvolvemento:

Coa primeira reunión consideramos que arranca a investigación. Nela póñense en común as preguntas de investigación inicial e recóllense propostas que poidan ser incorporadas aos obxectivos do estudio.

Realizáronse 3 xuntanzas presenciais co Grupo Motor (inicio, seguimento e peche) que tiveron lugar o 3 de novembro, o 12 de decembro e o 19 de decembro de 2022 (Ver as conclusións no Anexo 3).

4.3. RESULTADOS.

a) Como de participativos/as se consideran

Como podemos observar na Figura 7, a inmensa maioría da mostra, un 85,4%, auto percíbese como unha persoa participativa.



Figura 8. Percepción da súa participación

Afondando un pouco máis, cando se lles pediu que situasen o seu grao de participación social nunha escala do 0 ao 5, onde 0 constituíu o valor máis baixo e o 5 o valor máis alto, a maioría das persoas enquisadas sitúan a súa participación, de xeito maioritario, nos tres valores máis altos dos ofrecidos

(o 33,3% nun 4 sobre 5, o 31,5% nun 3 sobre 5 e un 13,6% nun 5 sobre 5). Isto fai unha media de 3,2 sobre 5.



Figura 9. Grao de Participación Social

b) Niveis de participación

O nivel de participación das persoas enquisadas arroxa datos moi semellantes, pois o 47,9% considera que participa de "de xeito permanente, con certa traxectos a medio ou longo prazo" e o 45,1% indica que a súa participación é máis "puntual, en accións concretas e a curto prazo", sendo tan só un 6% os maiores que declaran non participar de nada en termos xerais. Pódese indicar que hai case un empate entre as dúas opcións, decantándose por menos dun 3% a diferenza entre os niveis de estilo de participación.



Figura 10. Nivel de Participación

Este empate técnico desfáise si analizamos as respostas tendo en conta a variable sexo, pois tal e como se observa na Figura 9, a maioría dos homes (52,6%) indican participar de xeito permanente, con traxectoria e a medio-longo prazo, mentres que a maioría das mulleres (49,6%) se identifican cunha participación máis puntual, en accións concretas a curto prazo.



Figura 11. Nivel de Participación segundo Xénero

A Figura 12 amósanos que si temos en conta os diferentes tramos de idade, os maiores de 80 anos son os que rexistran unha porcentaxe máis elevada de ningunha participación, cun 33,3% das respostas, e tamén son os que participan de xeito permanente en menor medida, obtendo un 25% fronte ao resto de grupos, que se sitúan en porcentaxes medios de forma máis semellante.



Figura 12. Nivel de Participación segundo Idade Recodificada

Segundo a zona de residencia, as persoas residentes na zona rural e na zona urbana sitúanse nun nivel de participación máis permanente e con traxectoria de xeito maioritario, mentres que os de núcleos semi-urbanos o fan de xeito máis ben puntual na súa maioría. Tamén observamos que nas cidades é onde hai menos persoas que din non participar en nada, sendo os valores ao respecto desta cuestión practicamente semellantes no rural e no semi-urbano.



Figura 13. Nivel de Participación segundo Zona de Residencia

Por outra banda, o nivel de estudos tamén influe no nivel de participación das persoas maiores, pois como reflexa a Figura 14, o 75% das persoas sen estudos indica non participar en nada e, cando o fai, é algo puntual. Ademais é destacable tamén que o nivel de participación máis permanente e con traxectoria se vai incrementando a medida que os estudios son superiores, polo que se pode indicar que a maior nivel de estudos, unha participación máis permanente e con traxectoria.



Figura 14. Nivel de Participación segundo Nivel de Estudos Recodificado

c) Espazos de participación

Ao marxe do momento actual da Covid-19, e pensando nun contexto normalizado, os espazos de participación que declaran empregar máis son maioritariamente presenciais, cun 54% das respostas, e en segundo lugar ambos por igual cun 30,5%. Xa a moita máis distancia quedarían, con porcentaxes semellantes, os espazos virtuais (7,5%) e ningún (7%).



Figura 15. Espazos de Participación máis empregados

Tendo en conta a variable idade recodificada, observamos na Figura 16 que, a medida que se incrementa o rango de idade, a participación en formatos virtuais decae progresivamente, non habendo ningunha persoa de máis de 80 anos que indique empregalas con esta finalidade. Tamén este rango de idade máis avanzada é o que declara non exercer ningún tipo de participación en maior medida (33,3%).



Figura 16. Espazos de Participación máis empregados segundo Idade Recodificada

Cruzando outros datos, as variables sexo, ocupación, zona de residencia ou nivel de estudos non amosan diferencias significativas ao respecto.

d) *Tipos de participación*

O 52,6% dos enquisados consideran que teñen un xeito de participar Máis pasivo, mediante o cal se involucran ou se suman a propostas doutras persoas/entidades, fronte a un 38% que declaran ter un xeito Máis activo de participar nas que fan propostas, actúan e levan a iniciativa. Un 8% indica non participar en nada. Esta tendencia mantense comparando as variables idade, ocupación, nivel de estudos e zona de residencia.



Figura 17. Xeitos de Participación

Pero si analizamos os datos en relación ao sexo das persoas, tal como se amosa na figura 18, os homes exercen maioritariamente unha participación máis activa e de liderado, mentres que as mulleres participan de xeitos máis pasivo no 60,7% dos casos, indicando que se suman a causas moito máis habitualmente do que as promoven.



Figura 18. Xeitos de Participación segundo Xénero

e) Ámbitos de participación

As persoas maiores enquisadas, seguindo a figura 19, participan maioritariamente no eido da Participación Social e Cidadá (62%) e en segundo lugar en Actividades lúdicas e culturais (43,2%). Ademais destes dous ámbitos, o 26,8% declaran participar en Educación e en Política.



Figura 19. Ámbitos nos que participan

Esta tendencia mantense comparando as variables sexo, ocupación, nivel de estudos e zona de residencia. Non obstante, observando a Figura 20, que fai a comparativa segundo os diferentes tramos de idade recodificados, vemos que a participación social é a máis exercida para as persoas de ata 80 anos, pero as de máis de 80 anos sitúana en terceiro lugar, por detrás das actividades lúdicas/culturais (58,3%) e da educación (50%).



Figura 20. Ámbitos nos que participan segundo Idade Recodificada

f) Formas de participación en accións sociais e políticas



Figura 21. Formas de participación en accións sociais e políticas

Tendo en conta a figura 21, pódese indicar en termos xerais que:

- A acción social ou política na que **máis participan frecuentemente** é como socios/as dunha ONG ou asociación (47,4%) e, en segundo lugar, formando parte activa dunha entidade (44,1%).
- As accións nas que **menor participación frecuente** se rexistra son os programas dirixidos ás persoas maiores (13,1%) e a participación autoxestionada (14,1%), coincidindo tamén en ser as accións nas que máis persoas indican **non ter participado nunca** (28,2% cada unha).

En termos xerais:

- O 77% dos enquisados, indican participar nunha **manifestación, folga ou mobilización** (43,7% algunha vez e 33,3% frecuentemente) fronte a un 11,7% que non o fai ou non o fixo nunca.
- O 59,2% indica ter compartido **información política** (presencialmente ou en redes sociais), (33,3% algunha vez e 25,8% frecuentemente) fronte ao 25,8% que non o fai ou fixo nunca.
- O 70% das persoas maiores indican ter participado como **socio nunha ONG ou asociación** (o 47,7% frecuentemente e 22,5% algunha vez) **fronte ao** 16,4% que indica que non participa (15% nunca e tan só o 1,4% restante indica non o fai, pero que lle gustaría).
- O 62,4% da xente maior indica participar en actividades de **voluntariado** (34,3% algunha vez e 28,2% habitualmente) fronte a un 21,6% que non o fai.
- O 70,9% das persoas maiores enquisadas **forman parte activa dunha entidade**, o 44,1% de xeito frecuente e o 26,8% algunha vez, fronte ao 16,4% que non participa de ningunha.
- O 47,9% dos/as enquisados/as afirma ser **representante nun órgano de participación** (23,6% de xeito habitual e o 26,3% algunha vez) fronte ao 29,6% que non participa deste xeito.
- O 40,4% participa en **programas dirixidos ás persoas maiores promovidos desde as institucións**, dos cales o 13,1% frecuentemente e o 27,2% algunha vez. Mentres que un 33,8% non o fai ou o fixo nunca.
- O 41,8% das persoas maiores desenvolve estilos de **participación autoxestionada** (aínda que só o fai frecuentemente o 14,1% e o 27,7% algunha vez), fronte ao 33,3% que non se involucra neste tipo de participación**.**

Polo tanto, de entre as opcións que se expuñan, as formas de participación das persoas involucradas na enquisa en orde de preferencia son: Asistir a manifestacións, folgas e mobilizacións, Formar parte activa dunha entidade e Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación; Nun escalafón un pouco máis baixo atópanse Participar en actividades de voluntariado e Compartir información de tipo político. Pola contra, as formas de participación menos exercidas polos nosos maiores son (nesta

orde): participar en programas dirixidos ás persoas maiores promovidos desde as institucións; A participación autoxestionada; e Ser representante nun órgano de participación.

Ademais, é significativo que os valores vencellados con "non, pero gustaríame" pasan practicamente desapercibidos, con porcentaxes ínfimas que van entre o 1,4% ao 5,6% dos enquisados. Parece que as persoas maiores o teñen claro, o que lle gusta fano directamente.

Outro dato que destaca en gran medida é o alto volume de respostas de NS/NC en todos os ítems, pasando incluso do 25% nalgunhas das opcións ofrecidas, como é o caso dos programas específicos para maiores ou a participación autoxestionada.

Comparando variables, non se atoparon diferenzas significativas nos tipos de accións sociais e políticas nas que se involucran mulleres e homes nin tampouco segundo nivel de estudos ou ocupación. Pero tendo en conta a variable zona de residencia, observamos nas táboas 4, 5 e 6 que para as persoas das zonas rurais (57,1%) e urbanas (42,4%) a acción máis frecuente é a participación activa nunha entidade, mentres que para as de zonas semi-urbanas o máis frecuente é participar sendo socios/as dunha organización social.

Táboa 4. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Rural)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	32,1%	35,7%	10,7%	3,6%	17,9%	100,0%
Compartir información de tipo político	32,1%	28,6%	21,4%	0,0%	17,9%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	35,7%	25,0%	21,4%	0,0%	17,9%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	28,6%	39,3%	17,9%	0,0%	14,3%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	57,1%	14,3%	21,4%	0,0%	7,1%	100,0%
Representante nun órgano de participación	25,0%	17,9%	25,0%	10,7%	21,4%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	0,0%	28,6%	39,3%	3,6%	28,6%	100,0%
Participación autoxestionada	17,9%	21,4%	21,4%	10,7%	28,6%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 5. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Semi-urbana)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	20,0%	53,3%	13,3%	3,3%	10,0%	100,0%
Compartir información de tipo político	21,7%	26,7%	30,0%	3,3%	18,3%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	48,3%	15,0%	20,0%	3,3%	13,3%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	31,7%	28,3%	11,7%	5,0%	23,3%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	41,7%	26,7%	16,7%	3,3%	11,7%	100,0%
Representante nun órgano de participación	16,7%	33,3%	26,7%	3,3%	20,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	8,3%	30,0%	26,7%	8,3%	26,7%	100,0%
Participación autoxestionada	15,0%	21,7%	33,3%	5,0%	25,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 6. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo residencia (Urbana)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	40,0%	40,8%	8,0%	0,8%	10,4%	100,0%
Compartir información de tipo político	39,2%	24,8%	22,4%	0,8%	12,8%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	49,6%	25,6%	11,2%	0,8%	12,8%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	26,4%	36,0%	20,8%	4,0%	12,8%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	42,4%	29,6%	10,4%	3,2%	14,4%	100,0%
Representante nun órgano de participación	23,2%	24,8%	27,2%	0,8%	24,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	18,4%	25,6%	26,4%	4,8%	24,8%	100,0%
Participación autoxestionada	12,8%	32,0%	27,2%	4,0%	24,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Por outra banda, volvendo a fixarnos nas táboas anteriores, a porcentaxe de accións desenvolvidas "algunha vez" é asistir a algunha manifestación ou folga tanto para as zonas urbanas como semi-urbanas, pero nas zonas rurais é participar en actividades de voluntariado.

As accións nas que indican non ter participado nunca de xeito máis maioritario son a Participación autoxestionada nas zonas semi-urbanas e urbanas e os programas dirixidos ás persoas maiores por parte das institucións nas zonas rurais.

En canto á variable idade recodificada, podemos extraer (táboa 7) que o 91,7% das persoas de máis de 80 anos enquisadas indican que nunca compartiron información de tipo político, que ningún deles o fai con frecuencia e que tan só un 8,3% o fixo algunha vez. Cuestión que non é así para os tramos de idade anteriores, pois o 63,5% das persoas de entre 50 e 65 anos e o 59,4% o fan ben sexa frecuentemente ou algunha vez (ver táboas 8 e 9).

Táboa 7. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Máis de 80 anos)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	8,3%	33,3%	50,0%	8,3%	0,0%	100,0%
Compartir información de tipo político	0,0%	8,3%	91,7%	0,0%	0,0%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	25,0%	33,3%	41,7%	0,0%	0,0%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	8,3%	25,0%	58,3%	8,3%	0,0%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	16,7%	16,7%	66,7%	0,0%	0,0%	100,0%
Representante nun órgano de participación	0,0%	8,3%	75,0%	16,7%	0,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	25,0%	25,0%	50,0%	0,0%	0,0%	100,0%
Participación autoxestionada	0,0%	33,3%	58,3%	8,3%	0,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 8. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Ata 65 anos)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	35,8%	45,3%	5,8%	1,5%	11,7%	100,0%
Compartir información de tipo político	37,2%	26,3%	18,2%	1,5%	16,8%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	49,6%	21,9%	10,2%	0,7%	17,5%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	26,3%	38,7%	10,9%	3,6%	20,4%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	47,4%	30,7%	5,8%	2,2%	13,9%	100,0%
Representante nun órgano de participación	24,8%	31,4%	17,5%	0,7%	25,5%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	14,6%	28,5%	22,6%	5,8%	28,5%	100,0%
Participación autoxestionada	16,8%	31,4%	20,4%	3,6%	27,7%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 9. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo Idade (Entre 66-80 anos)

	Frecuente-mente	Algunha vez	Nunca	Non, pero gustaríame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	32,8%	42,2%	10,9%	1,6%	12,5%	100,0%
Compartir información de tipo político	31,3%	28,1%	25,0%	1,6%	14,1%	100,0%
Participar como socia/o dunha ONG	46,9%	21,9%	20,3%	3,1%	7,8%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	35,9%	26,6%	25,0%	3,1%	9,4%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	42,2%	20,3%	20,3%	4,7%	12,5%	100,0%
Representante nun órgano de participación	18,8%	18,8%	37,5%	4,7%	32,8%	100,0%
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores	7,8%	25,0%	35,9%	6,3%	25,0%	100,0%
Participación autoxestionada	10,9%	18,8%	39,1%	7,8%	23,4%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

g) *Temas Sociais de maior interese e/ou preocupación*

En termos xerais, seguindo a figura 22, os tres temas de carácter social nos que as persoas maiores enquisadas indican estar máis interesadas son, en orde de prelación, Xustiza social e solidariedade (58,7%), Medioambiente e sustentabilidade (35,7%) e Feminismo e igualdade de xénero (31,5%).

O tema "xustiza social e solidariedade", con algo menos do 60% de votos, e a única opción entre as que podían escoller que acada unha puntuación de maioría. Os temas sociais nos que os maiores indican ter menor interese son a diversidade afectivo-sexual (3,8%), a diversidade cultural (7,5%) e os colectivos minoritarios en situación de vulnerabilidade (9,9%), un 4,2% da mostra indica non estar interesada en ningún dos temas propostos.



Figura 22. Temas sociais de interese

Tendo en conta a variable de xénero, obsérvase unha diferenza menor sobre os temas de interese e/ou preocupación entre mulleres e homes, tal como se reflexa na figura 23.



Figura 23. Temas sociais de interese segundo xénero.

As mulleres acadan unha maioría na temática "xustiza social e solidariedade" (66,4%), mentres que para os homes ningún dos temas consegue un apoio maioritario.

A segunda cuestión que máis interesa ás mulleres é o feminismo e a igualdade de xénero, cun 41,8% dos votos, temática que só preocupa ao 14,1% dos homes, quenes a ubican na oitava posición de importancia. De feito, o segundo tema máis relevante para eles é Política e democracia, cuestión que, pola contra, as mulleres sitúan en sétimo lugar. O Medioambiente e a sustentabilidade é o terceiro dos temas máis preocupante para ambos xéneros.

Por outro lado, segundo a táboa 10, a tendencia de considerar a xustiza social e a solidariedade como o tema de maior interese non se mantén para as persoas sen estudos, quenes lle dan máis importancia ao medioambiente e á dependencia. Tamén é o grupo co índice máis elevado de non ter interese por ningún dos temas plantexados, de feito, canto menor nivel de estudos maior é o desinterese nestas temáticas (15,6% para as persoas con estudos primarios, 2,3% para a xente con estudos secundarios e 0% para os que contan con estudos universitarios). Esta conclusión é aplicable tamén ao comercio xusto e consumo responsable -que aínda que se sitúa en intereses medios (nin o máis nin o menos importante)- tamén é unha cuestión que vai adquirindo maior relevancia a medida que o nivel de estudos é superior. Tendo en conta a variable idade, podemos ver na táboa 11, que a menor idade, maior preocupación polo medioambiente, o feminismo e o comercio xusto.

Táboa 10. Temas sociais de interese segundo Nivel de Estudos Recodificado

	Sen estudos	Estudos Primarios	Estudos Secundarios	Estudos universitarios
Xustiza social e solidariedade	25,0%	40,6%	60,9%	64,4%
Medioambiente e sustentabilidade	50,0%	18,8%	29,9%	46,7%
Feminismo e igualdade de xénero	25,0%	21,9%	26,4%	40,0%
Pobreza e desigualdade	25,0%	37,5%	32,2%	22,2%
Dependencia e diversidade funcional	50,0%	28,1%	31,0%	20,0%
Dereitos Humanos	0,0%	12,5%	26,4%	24,4%
Política e democracia	25,0%	25,0%	18,4%	21,1%
Comercio xusto e consumo responsable	0,0%	15,6%	16,1%	18,9%
Minorías e colectivos vulnerables	0,0%	12,5%	4,6%	14,4%
Diversidade cultural	0,0%	6,3%	5,7%	5,6%
Non me interesa ningún deles	50,0%	15,6%	2,3%	0,0%
Diversidade afectivo-sexual	0,0%	6,3%	3,4%	3,3%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 11. Temas sociais de interese segundo Idade Recodificada

	Ata 65 anos	Entre 66 e 80 anos	Máis de 80 anos
Xustiza social e solidariedade	59,9%	56,3%	58,3%
Medioambiente e sustentabilidade	41,6%	28,1%	8,3%
Feminismo e igualdade de xénero	35,8%	28,1%	0,0%
Pobreza e desigualdade	21,9%	42,2%	33,3%
Dependencia e diversidade funcional	29,2%	18,8%	33,3%
Dereitos Humanos	21,9%	23,4%	33,3%
Política e democracia	18,2%	26,6%	16,7%
Comercio xusto e consumo responsable	19,0%	15,6%	0,0%
Minorías e colectivos vulnerables	10,2%	9,4%	8,3%
Diversidade cultural	9,5%	3,1%	8,3%
Non me interesa ningún deles	0,7%	6,3%	33,3%
Diversidade afectivo-sexual	5,8%	0,0%	0,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

h) Principais razóns ou motivacións para participar

En xeral, tal como se observa na figura 24, as persoas maiores galegas participantes no estudo teñen dúas razóns ou motivacións maioritarias para participar, en primeiro lugar "Facer algo para cambiar/mellorar o mundo" (68,5%) e "Axudar a outras persoas" (54%). En menor medida, e xa sen respaldo maioritario sitúase "Forma parte dos meus valores" cun 46,9%. Asemade a opción "obter recoñecemento social" é a opción menos votada cun 0,5%.

Destacar que tan só un 2,3% indica non ter ningunha motivación para participar e un 5,6% non participar en nada.

Esta lóxica mantense comparando as variables sexo e zona de residencia.



Figura 24. Principais Motivacións para Participar

Táboa 12. Principais Motivacións para Participar segundo Ocupación (Recodificado)

	Xubilado/a ou pensionista	Traballo (total, parcial ou en desemprego)	As tarefas do fogar (non pensionista)	Outro
Facer algo para cambiar/ mellorar o mundo	54,1%	82,7%	27,3%	85,7%
Axudar a outras persoas	56,5%	51,8%	54,5%	57,1%
Forma parte dos meus valores	38,8%	50,9%	36,4%	100,0%
Sentirme mellor/máis útil	0,0%	20,0%	45,5%	14,3%
Compartir experiencias con outras persoas	34,1%	20,9%	27,3%	0,0%
Mellorar a miña experiencia/formación	10,6%	18,2%	0,0%	28,6%
Non participo en nada	8,2%	1,8%	27,3%	0,0%
Non teño ningunha motivación participar	3,5%	0,9%	9,1%	0,0%
Obter recoñecemento social	0,0%	0,9%	0,0%	0,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Fixándonos na variable ocupación, táboa 12, vemos que "Facer algo para cambiar ou mellorar o mundo" é a principal motivación (82,7%) para as persoas que traballan, a segunda para os xubilados/pensionistas (54,1%) e a cuarta para as persoas que desenvolven tarefas do fogar sen ser pensionistas (27,3%, empatada con outras opcións). Para este último grupo de persoas a principal motivación é axudar a outras persoas (54,5%) e a segunda sentirse mellor ou máis útiles (45,5%). As persoas que se adican ao fogar tamén son as que rexistran unha maior porcentaxe de non participar en nada (27,3%) e de non ter ningunha motivación para participar (9,1%).

Por outra banda, observando a táboa 13 que compara as respostas segundo os diferentes tramos de idade, vemos que para as persoas maiores de 80 anos o que máis os motiva a participar é compartir experiencias con outras persoas ou facer amizades (50%) e en segundo lugar sentirse útiles e axudar (4,7%). Este grupo de idade tamén é o que indica un maior porcentaxe de non participar en nada (33,3%) e de non ter ningunha motivación para participar (4,7%).

Táboa 13. Principais Motivacións para Participar segundo Idade (Recodificada)

	Ata 65 anos	Entre 66 e 80 anos	Máis de 80 anos
Facer algo para cambiar/ mellorar o mundo	77,4%	59,4%	16,7%
Axudar a outras persoas	52,6%	59,4%	41,7%
Forma parte dos meus valores	50,4%	45,3%	16,7%
Sentirme mellor/máis útil	23,4%	39,1%	41,7%
Compartir experiencias con outras persoas	23,4%	26,6%	50,0%
Mellorar a miña experiencia/formación	19,7%	4,7%	8,3%
Non participo en nada	2,2%	7,8%	33,3%
Non teño ningunha motivación participar	0,7%	4,7%	8,3%
Obter recoñecemento social	0,7%	0,0%	0,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Tendo en conta a variable nivel de estudos, seguindo os datos amosados na táboa 14, pódese observar que as persoas sen estudos son as que maior porcentaxe indican de non participar e de non ter ningunha motivación para facelo cun 50% dos votos en ambas opcións e o único motivo para participar é axudar a outras persoas (25%).

Para o resto de grupos, mantense a lóxica xeral de facer algo para cambiar o mundo como opción prioritaria, acadando valores máis altos a medida que o nivel de estudos é superior (46,9% para estudos primarios, 65,5% para secundarios e 82,2% para estudos universitarios). Máis do 50% das persoas con estudos superiores indican que a participación forma parte dos seus valores.

En termos xerais podemos deducir que os que menos participan ou non teñen ningunha motivación para facelo son os que teñen menor nivel de estudos.

Táboa 14. Principais Motivacións para Participar segundo Nivel de Estudos (Recodificada)

	Sen estudos	Estudos Primarios	Estudos Secundarios	Estudos Universitarios
Facer algo para cambiar/ mellorar o mundo	0,0%	46,9%	65,5%	82,2%
Axudar a outras persoas	25,0%	46,9%	64,4%	47,8%
Forma parte dos meus valores	0,0%	40,6%	47,1%	51,1%
Sentirme mellor/máis útil	0,0%	34,4%	33,3%	24,4%
Compartir experiencias con outras persoas	0,0%	37,5%	23,0%	25,6%
Mellorar a miña experiencia/formación	0,0%	6,3%	13,8%	18,9%
Non participo en nada	50,0%	18,8%	2,3%	2,2%
Non teño ningunha motivación participar	50,0%	3,1%	2,3%	0,0%
Obter recoñecemento social	0,0%	0,0%	0,0%	1,1%

Nota. Fonte: elaboración propia

i) Principais dificultades para participar máis

Segundo a figura 25, a maioría das persoas maiores sinala a "Falta de Tempo" (57,3%) como a causa principal de non poder participar máis en xeral ou en máis cousas. En segundo lugar a "Falta de recursos/ofertas" (29,1%) e en terceiro a "Falta de información" (27,2%). Arredor do 6% indican que directamente non lles interesa a participación.



Figura 25. Impedimentos para Participar

Non existen diferenzas significativas a este respecto tendo en conta a variable sexo e ocupación.

Observando as respostas en función da variable zona de residencia (figura 26), a falta de tempo non é a principal barreira para as persoas que viven no rural, senón que para elas a falta de recursos ou ofertas (46,4%) e a necesidade de formación e coñecementos (39,3%) son as dificultades esenciais.

Con todo, canto máis rural é o lugar de residencia, máis persoas indican non ter interese pola participación social (14,3% rural, 11,7% semi-urbano, 1,6% urbano).

Curiosamente, e aínda que se trata dun aspecto que rexistra pouco porcentaxe de votacións en xeral, as persoas residentes nas zonas urbanas son as que indican como barreira a insuficiencia de medios para desprazarse (8,8%, por 3,3% para semi-urbana e 3,6% para rural).



Figura 26. Impedimentos para Participar segundo Zona Residencia

No que respecta á variable idade, podemos extraer algunhas conclusións da figura 27, pois a maior idade, menor interese amosan as persoas na participación (41,7% os maiores de 80 anos, 9,4% os que están entre 66 e 80 anos e 1,5% os que están entre os 50 e os 65). O mesmo acontece coa falta de medios para desprazase, a maior idade máis dificultades identifican ao respecto (16,7% dos de máis de 80 fronte ao 6,3% e o 5,8% dos anteriores tramos de idade) e coa falta de recursos e ofertas para as idades máis avanzadas.



Figura 27. Impedimentos para Participar segundo Idade Recodificada

j) Graos de Participación Social

Nunha escala do 1 ao 10 (onde 1 é a puntuación máis baixa e 10 a máis alta), segundo a figura 28, as e os maiores galegos consideran que a poboación galega suspende en materia de participación social, outorgándolle un 4,4 de media, valorando a participación do seu propio colectivo lixeiramente máis alto, aprobando raspado (5,0). Polo que as persoas maiores consideran que eles participan algo máis do que o fai o grupo social en conxunto, aínda que con pouco máis de medio punto de diferenza. Esta percepción repítese observando o resto das variables de xeito independente.



Figura 28. Valoración d o Grao de Participación da sociedade e do colectivo maior

k) Percepción sobre a valoración social das persoas maiores

As persoas enquisadas consideran que a importancia ou valor social que o conxunto da sociedade lle da ás persoas maiores é dun 4,5 de media (nunha escala do 1 ao 10), materia na que os galegos e galegas tamén suspendemos (ver figura 29).



Figura 29. Percepción da valoración social das Persoas Maiores

Un dato interesante xurdiu ao analizar as respostas segundo os tramos de idade, pois tal como amosa a figura 30, as persoas canto máis maiores son consideran que son menos valoradas socialmente.



Figura 30. Percepción da valoración social das Persoas Maiores por Idade Recodificada

l) Percepción sobre a Participación Social dos distintos grupos sociais

Ás preguntas sobre que grupo de poboación consideran que participa máis en accións sociais e comunitarias e que grupo participa menos, os/as maiores cren que as persoas adultas de entre 30 e 55 anos son as máis participativas (46,06% figura 31) e que é a mocidade quenes menos participan (59,2% Figura 32).



Figura 31. Percepción Grupo Social máis participativo



Figura 32. Percepción Grupo Social menos participativo

Todas as variables amosan o mesma opinión, excepto a comparativa de respostas por idade, pois segundo a figura 33 observamos que para os de 66 a 80 anos o grupo social máis participativo non son os adultos senón, xustamente, as persoas maiores.



Figura 33. Percepción Grupo Social máis participativo segundo Idade Recodificada

m) Con que outros grupos sociais prefiren participar

As persoas maiores indican que prefiren unha participación interxeracional, pois lles gustaría facelo con persoas de diferentes idades a un 73,7% dos enquisados/as (figura 34). De ter que elixir, a súa segunda opción é cos seus grupos de iguais, xa que o 32,4% prefire facelo con persoas de idade semellante. O grupo co que menos cómodos parecen sentirse á hora de participar é coa mocidade, que foi opción preferente só para o 8,9% dos participantes no estudo.



Figura 34. Preferencias con respecto aos outros grupos sociais

Tal e como se observa na táboa 15, para as persoas de máis de 80 anos é preferible participar con persoas de idade semellante (50%) antes que con persoas de todas as idades (33,3%). Son tamén o grupo de idade que amosa menor interese en participar independentemente do grupo social (25%).

Táboa 15. Preferencias con respecto aos outros grupos sociais segundo Idade (Recodificada)

	Ata 65 anos	Entre 66 e 80 anos	Máis de 80 anos
Con persoas de idade semellante	27,7%	39,1%	50,0%
Con persoas de diferentes idades (interxeracional)	81,8%	64,1%	33,3%
Con nenos e nenas	16,8%	10,9%	8,3%
Con persoas máis maiores	14,6%	4,7%	0,0%
Con adolescentes ou xóvenes	12,4%	3,1%	0,0%
Con ningún grupo, non me gusta participar	0,7%	7,8%	25,0%
NS/NC	1,5%	3,1%	16,7%

Nota. Fonte: elaboración propia

n) Percepcións sobre a promoción da participación das persoas maiores en Galicia

En xeral, segundo a figura 35, consideran que quen máis promove a participación das persoas maiores en Galicia son as asociacións ou ONG, cun 60,6% de apoio. En segundo lugar indican que é a propia xente maior (45,5%) e en terceiro, os concellos (32,4%).

Asemade consideran que os partidos políticos (4,2%) e a Xunta de Galicia (7%) son as entidades que menos a promoven. Estas valoracións dan pé a todas as entidades implicadas na participación dos/as maiores a procurar mellores fórmulas de achegar a este colectivo a unha maior participación. Resulta rechamante que os centros específicos para persoas maiores tan só sexan valorados co 13,6%, por detrás inclusive da familia (15%). Pois a priori parecería que tanto a familia como os centros de maiores deberían ser un referente para eles e elas, pero os datos indican que, na práctica, non é así.



Figura 35. Percepción da implicación das entidades na promoción da participación

Tendo en conta a variable "zona de residencia" (figura 36), obsérvase unha pequena diferenza, pois o grupo residente en zonas rurais, considera que quen promove máis a súa participación son eles e elas mesmos/as (60,7%); quedando esta opción como a segunda máis importante para os das zonas urbanas (48%) e en terceira posición para os das semi-urbanas (33,3%)

O resto de variables, como o rango de idade, nivel de estudos, ocupación e sexo, coinciden nas valoracións xerais priorizando ao asociacionismo e ONG como as que máis promoven a súa participación.



	Rural	Semi-urbana	Urbana
Os concellos	28,6%	48,3%	25,6%
A Xunta de Galicia	3,6%	8,3%	7,2%
As asociacións ou ONG	53,6%	53,3%	65,6%
Os partidos políticos	3,6%	1,7%	5,6%
Os centros para persoas maiores	7,1%	8,3%	17,6%
A familia	10,7%	23,3%	12,0%
A propia xente maior	60,7%	33,3%	48,0%
Outro	0,0%	1,7%	0,0%
NS/NC	10,7%	5,0%	8,0%

Figura 36. Percepción da implicación das entidades na promoción da participación das persoas maiores po zona de residencia

o) *Principais barreiras ou dificultades que impiden unha maior participación das persoas maiores*

Aínda que é certo que ningunha das opcións plantexadas acada unha porcentaxe de maioría, os/as enquisados/as consideran que as principais barreiras polas que as persoas maiores de 50 anos non teñen máis protagonismo na participación social son o exceso de tarefas do fogar (44,6%) e a consideración da xente maior como suxeitos pasivos (42,3%). Ver figura a continuación. En terceiro lugar situaríase a propia perda de interese nas cuestións comunitarias (39,9%). Dende logo, e moi ao contrario do que se puidera hipotetizar, non observan o deterioro físico ou cognitivo como unha barreira tan relevante, pois foi a menos votada das opcións cun 18,3%.



Figura 37. Principais dificultades para a Participación

En canto ás persoas que responderon a opción “Outro”, deixaron comentarios que teñen que ver coa falta de tempo, a falta de motivación real, o pouco apoio da familia, a falta de hábito e de expectativas, a cultura individualista da sociedade e o medo a ser manipulados e non ser quen de reflexionar axeitadamente.

Fixándonos na variable sexo, para as mulleres o exceso de tarefas de coidados no eido familiar é a principal barreira identificada (47,8%), mentres que para os homes é a perda de interese polas cuestións sociais, comunitarias ou políticas (48,7%).



Figura 38. Dificultades para a Participación por Xénero

Por outra banda, analizando as respostas segundo a variable idade (ver táboa 15), percibimos que o exceso de tarefas do fogar non é o principal impedimento para a participación das maiores de 80 anos, senón que sitúan como maiores dificultades a propia perda de interese, a falta de espazos adaptados e o estereotipo que as asocia como suxeitos pasivos (41,7% nos tres casos).

Táboa 16. Principais barreiras identificadas segundo Idade (Recodificada)

	Ata 65 anos	Entre 66 e 80 anos	Máis de 80 anos
O deterioro da funcionalidade física e/ou cognitiva	15,3%	25,0%	16,7%
O exceso de tarefas de coidados no ámbito familiar	43,8%	50,0%	25,0%
A perda de interese polas cuestións sociais, comunitarias ou políticas	40,9%	37,5%	41,7%
A falta de espazos adaptados ás necesidades ou intereses das persoas maiores	29,2%	21,9%	41,7%
A consideración da xente maior como suxeitos pasivos	39,4%	48,4%	41,7%
NS/NC	8,8%	3,1%	8,3%
Outro	4,4%	0,0%	0,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Con respecto á variable nivel de estudos, tamén se observa unha leve diferenza, pois tal como figura na táboa 16, para as persoas sen estudos as barreiras máis grandes son o exceso de tarefas de coidados no ámbito familiar e a perda de interese polas cuestións sociais (75%), mentres que para os de estudos primarios (40,6%) e secundarios (49,4%) é a consideración da xente maior como suxeitos pasivos.

Táboa 17. Principais barreiras identificadas segundo Nivel de Estudos (Recodificado)

	Sen estudos	Estudos primarios	Estudos secundarios FP	Estudos universitarios
O deterioro da funcionalidade física e/ou cognitiva	50,0%	18,8%	18,4%	17,8%
O exceso de tarefas de coidados no ámbito familiar	75,0%	31,3%	44,8%	47,8%
A perda de interese polas cuestións sociais, comunitarias ou políticas	75,0%	15,6%	20,7%	18,9%
A falta de espazos adaptados ás necesidades ou intereses das persoas maiores	0,0%	31,3%	24,1%	28,9%
A consideración da xente maior como suxeitos pasivos	0,0%	40,6%	49,4%	34,4%
NS/NC	0,0%	9,4%	2,3%	11,1%
Outro	0,0%	0,0%	1,1%	5,6%

Nota. Fonte: elaboración propia

Por outro lado, a comparativa das respostas en función da ocupación dos/as enquisados/as (táboa 18), indica que para as persoas xa xubiladas/pensionistas é a consideración das persoas maiores como suxeitos pasivos (51,8%), mentres que para as persoas en activo (tanto si traballan a tempo completo, a tempo parcial ou están en situación de desemprego) a barreira máis grande é a carga de tarefas no eido familiar (48,2%). Pola súa banda, as persoas que se dedican exclusivamente ás tarefas do fogar sen ser pensionistas sinalan a perda de interese polas cuestións sociais e a falta de espazos adaptados

ás súas necesidades como os maiores obstáculos, en ambos casos cunha porcentaxe elevada do 71,4%.

Táboa 18. Principais barreiras identificadas segundo Ocupación (Recodificado)

	Xubilado/a pensionista	Traballo	As tarefas do fogar	Outro
O deterioro da funcionalidade física e/ou cognitiva	22,4%	12,7%	27,3%	0,0%
O exceso de tarefas de coidados no ámbito familiar	38,8%	48,2%	72,7%	14,3%
A perda de interese polas cuestións sociais, comunitarias ou políticas	40,0%	36,4%	54,5%	71,4%
A falta de espazos adaptados ás necesidades ou intereses das persoas maiores	30,6%	23,6%	18,2%	71,4%
A consideración da xente maior como suxeitos pasivos	51,8%	34,5%	36,4%	57,1%
NS/NC	2,4%	11,8%	0,0%	0,0%
Outro	0,0%	5,5%	0,0%	0,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

p) Propostas para favorecer a participación social das persoas maiores en Galicia

Para dar resposta a esta cuestión, bebemos de dúas fontes. Por unha banda dos comentarios, propostas e suxestións das propias persoas maiores participantes na enquisa realizada xa que, como se mencionou no apartado de metodoloxía, a última pregunta do cuestionario foi de resposta aberta para que eles e elas puidesen expresar libremente as súas ideas sobre a participación: necesidades, propostas, ideas, sentires, etc. (Anexo 4). E por outra banda, completaremos a información coas

achegas e ideas que xurdiron nas diversas xuntanzas do grupo motor desenvolvido cos axentes/informantes chave (Anexo 3).

Ademais, elaboramos unha nube de palabras clave cos conceptos máis repetidos que aporta unha imaxe visual moi esclarecedora e que resume moi ben as súas principais demandas, suxestións e inquedanzas (figura 39).

Figura 39. Nube de palabras

As e os maiores insisten reiteradamente na necesidade que teñen de **ser recoñecidos e valorados pola sociedade**, que non porque teñan un determinado número de anos se deixe de contar con eles a nivel social ou que os encaixonen baixo certos estereotipos que os homoxeneizan e non os deixan vivir a súa vellez con liberdade e plenitude. O que queren é que se siga contando con eles/as e que

eles e elas podan **sentirse útiles e válidos**. Para elo indican que é imprescindible "**preguntarlles**", que podan opinar de todo, tomar decisións e elixir libremente.

Esta necesidade de recoñecemento non é un aspecto ególatra das persoas maiores, senón que, lamentablemente, trátase dunha reivindicación colectiva que emana dun sentimento de "menosprezo ou minusvaloración" que a sociedade lle trasladamos consciente ou inconscientemente dun ou doutro xeito ("por ser vellos xa non servimos para nada"). Por iso a meirande parte das súas demandas pasan por esta "reclamación" ao resto de grupos sociais. Queren que nos deamos conta e o cambiemos, que cambiemos o noso xeito de velos e tratalos. Irrefutablemente esta é unha cuestión capital, que vai moito máis ala da participación e que atravesa toda a arquitectura social da nosa cultura occidental actual, na que os/as maiores foron perdendo lugares na súa posición social.

Reiteran a importancia de **sentirse parte das cousas e das causas**, a necesidade de que se conte con eles e elas, de seren escoitados e de seren postos en valor como persoas capaces, pero sobre todo de que podan **ocupar os espazos relevantes de participación e toma de decisións**. Para iso, comentan que é necesario que estean máis integrados co resto de grupos sociais, ter máis protagonismo e deixar de infantilizalos (entre outros estereotipos derivados do edadismo).

Tamén falan moito sobre a necesidade de **axuda**, **apoio e acompañamento** das familias, das entidades e organizacións sociais, dos partidos políticos e dos distintos gobernos (municipais, autonómicos e estatais).

Falan tamén da importancia do **sentimento de pertenza** como algo fundamental que os faría implicarse máis e mellor, así como da necesidade de crear espazos adecuados e adaptados ás súas necesidades onde se sintan ben coidados. Os **coidados** en si mesmos son un elemento chave para eles e elas, non só entendidos dende unha atención dependente, que nalgúns casos tamén, senón no seu sentido máis amplo de respecto mutuo.

Unha cuestión que destacan moito é que precisan verlle a utilidade ás cousas que se fan. Queren saber que aquilo do que participan **serve para algo** para non caer na frustración ou no facer por facer, e sobre todo, que isto lles permita poder mirar o seu presente e mesmo o futuro con esperanza.

Noutra orde de demandas, situaríamos aquelas que teñen que ver coa necesidade de ter máis **información**, máis **recursos**, máis ofertas de **actividades e proxectos** máis variados que sexan

motivadores para eles/as e algúns falan tamén de contar con máis **espazos axeitados**, como centros sociais, cívicos ou veciñais nos que reunirse e facer cousas.

Ademais tamén é moi importante a parte das **novas tecnoloxías,** algunhas persoas as mencionan como un elemento que impide a participación efectiva das/os maiores e ao respecto propoñen máis formación e, doutra banda, insisten en que se sigan desenvolvendo actividades nos formatos presenciais, posto que son nos que senten máis cómodos.

Doutra banda sinalan as **carencias que auto recoñecen** ter de cara a participación como: a falta de interese e motivación; falta de informarse máis sobre o mundo que os rodea; falta de reflexións máis profundas; falta de iniciativa, de conciencia crítica e de compromiso.

Por último poderíamos incluír un tipo de suxestións nas que podemos traballar tanto as institucións como as propias persoas maiores, pois teñen que ver coa xeración de **estímulos** que consigan incrementar a súa ilusión, motivación, ganas, conciencia social, o espírito crítico, etc.

5. CONCLUSIÓNS

Tomando como referencia as preguntas da investigación podemos indicar, sobre o estado da participación das persoas maiores de cincuenta anos de Galicia, que a inmensa maioría se consideran participativas e cun nivel de participación bastante alto, pero tamén se conclúe que o xénero, a zona de residencia, o nivel de estudos e a idade inflúen na participación social das persoas maiores, pois participan máis as mulleres, as persoas con maior nivel de estudos, as que residen en zonas máis urbanas e os que teñen idades máis baixas. Mais cabe subliñar que é desexable que esta afirmación non se pretenda extrapolar nin xeneralizar, pois as conclusións están condicionadas polas características e sesgos da mostra que compuxo o estudo.

En xeral, a participación das persoas maiores en Galicia caracterízase por ser tanto permanente, con certa traxectoria, a medio ou longo prazo, como en accións puntuais, concretas e a curto prazo, sendo os espazos de participación que máis empregan os presenciais.

Maioritariamente consideran que teñen un xeito de participar máis pasivo, mediante o cal se involucran ou se suman a propostas doutras persoas/entidades, destacando que os homes asumen posicións de máis liderado que as mulleres.

O ámbito no que máis participan é na participación social, cidadá e comunitaria, seguido das actividades lúdicas e culturais, sendo o ámbito con menor nivel de participación o deporte.

A forma de participación en accións sociais e políticas na que máis se implican son as manifestacións, folgas e mobilizacións, formando parte activa dunha entidade e sendo socios/as dunha ONG ou asociación, acción na que colaboran con máis frecuencia. Destaca tamén que canto máis rural é a zona de residencia das persoas, maior é a súa participación en entidades ou asociacións locais. Pola contra, as formas de participación menos exercidas polos maiores son nos en programas dirixidos ás persoas maiores promovidos desde as institucións e na participación autoxestionada.

Os temas sociais que máis lles preocupan e interesan son a xustiza social e solidariedade en primeiro lugar, o medioambiente e a sustentabilidade en segundo lugar e o feminismo e a igualdade de xénero en terceiro. Pero tamén destaca que a menor idade, maior é a preocupación cara estes temas.

En xeral, as razóns que moven ás persoas maiores a participar son facer algo para cambiar/mellorar o mundo e axudar a outras persoas, aínda que aos maiores de 80 anos o que máis os motiva é compartir experiencias con outras persoas ou facer amizades.

Á hora de participar prefiren que sexa de xeito interxeracional, pois á maioría gustaríalle participar con persoas de diferentes idades, aínda que de ter que elixir, a súa segunda opción é con persoas de idade semellante.

Por outro lado, din que poderían participar máis se tivesen máis tempo, máis ofertas e recursos e máis información. Parece curioso que xustamente sexa a falta de tempo a principal limitación nun colectivo que se supón que debería ter máis tempo libre, pero pode estar sesgado pola composición da mostra, que contou cun alto número de persoas aínda en activo.

Tamén consideran que as principais barreiras polas que as persoas maiores de 50 anos non teñen máis protagonismo na participación social son o exceso de tarefas do fogar, a consideración da xente maior como suxeitos pasivos e a perda de interese polas cuestións sociais.

En xeral, as persoas maiores consideran que a poboación galega suspende en materia de participación social e valoran a participación do seu propio colectivo lixeiramente superior á media da sociedade, aprobado raspado, o que amosa a súa percepción de que eles/as participan algo máis do que o fai o grupo social en conxunto. Pola contra, consideran que a importancia ou valor que o conxunto da sociedade lle da ás persoas maiores é dun 4,5 de media (nun baremo sobre 10), polo que tamén suspendemos neste senso. De feito parece que canta máis avanzada é a idade, considéranse menos valorados polo resto da sociedade.

Por outra banda, os/as maiores cren que as persoas adultas de entre 30 e 55 anos é o grupo social máis participativo e que a mocidade é o que menos participa. Asemade, valoran que quen máis promove a participación das persoas maiores en Galicia son as asociacións e ONG, en segundo lugar indican que é a propia xente maior e, en terceiro lugar, os concellos. Polo contrario consideran que os partidos políticos e a Xunta de Galicia son as entidades que menos a promoven. Estas valoracións dan pé a que todas as entidades implicadas na participación dos/as maiores procuremos mellores fórmulas de achegarnos e chegar verdadeiramente a este colectivo.

Por outra banda, os elementos facilitadores da participación das persoas maiores que se identificaron teñen que ver coa urxencia e necesidade de que o resto da sociedade os tratemos en igualdade, que estean integrados co resto de grupos sociais e non illados facendo sempre as mesmas cousas e coas mesmas persoas. Que sexan respectados, escoitados, recoñecidos e valorados pola sociedade para que así eles e elas podan seguir sentíndose útiles, válidos e capaces.

Outro elemento facilitador, que entronca co anterior, é facelos sentir parte das cousas e das causas sociais e cederlle espazos relevantes de participación e de toma de decisións. Poñer en valora a súa experiencia tamén é unha cuestión que axudaría.

Por outro lado debemos mellorar na oferta de actividades e programas, seguir apostando pola presencialidade, facer cousas que lle resulten máis atractivas, motivadoras, ilusionantes e diferentes, tamén mellorar as canles de información das propostas e, sobre todo, ofrecerlles moita axuda, apoio e acompañamento, que é o que demandan tanto ás familias como ás institucións.

6. REFERENCIAS

Abellán, A., Ayala, A., y Pujol, R. (2017). *Un perfil de las personas mayores en España, 2017. Indicadores estadísticos básicos. 15*, 1–48.

Alvira Martín, F. (2015). *Métodos y técnicas cuantitativos de investigación social*.

Amezcua-Aguilar, T., & Sotomayor-Morales, E. (2021). Participation dynamics in old age. From traditional associationism to non-membership activism. *Obets*, *16*(1), 35–50. https://doi.org/10.14198/OBETS2021.16.1.02

Aravena, M., Kimelman, E., Micheli, B., Torrealba, R., & Zúñiga, J. (2006). Investigación Educativa I. In *Chinese Medical Journal (Taipei)*.

Bohórquez Suárez, F., Andrade Zamora, F. J., Gurumendi Carrillo, O. T., & Silva Guerrero, B. E. (2018). *Laboratorio Vivo como Método de Investigación*.

Cardelli, M. (2018). *Las personas mayores y el nuevo paradigma de la insostenibilidad*. *4*.

Carr, W., & Kemmis, S. (1986). *Teoria critica de la ensenanza. La investigación-acción del profesorado* (p. 245).

Comisión Económica para América Latina y el Caribe. (2017). Las personas mayores y la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible: oportunidades y desafíos. *Población y Desarrollo*, 1.

Comunidad Autónoma de Galicia. (2021). *Ley 5/2021, de 2 de febrero, de impulso demográfico de Galicia*.

Driessnack, M., Sousa, V. D., & Costa, I. A. (2007). Revisión de los diseños de investigación relevantes para la Enfermería: Parte 3: Métodos mixtos y múltiples. *Revista Latino-Americana de Enfermagem*, *15*(5), 1–4. http://www.scielo.br/pdf/rlae/v15n5/es_v15n5a24.pdf

EAPN. (2002). *Guía de estilo para periodistas sobre persoas maiores* (pp. 1–28).

Escalada, M., Fernandez Soto, S., & Fuentes, M. P. (2004). El diagnostico Social: proceso de conocimiento e intervención profesional. *Revista de Es*, 159. https://modulosocioterritorial.files.wordpress.com/2009/09/diagnc3b3stico-social.pdf

Fernández, R. S. (2016). *La participación de las personas mayores en organizaciones políticas: Modelos explicativos centrados en el individuo*. 42, 96–100. http://hdl.handle.net/2445/96584

Fundación Mapfre. (2021). *Ranking de territorios por la economía sénior 2021*.

García, V., & García Ortiz, L. (2005). El adulto mayor maduro: condiciones actuales de vida. *Revista Médica de Risaralda*, *11*(2), 10.

Gerais, M., Voelker, I., Johnston, S., & Caetano, M. (2019). *ACTIVITIES REPORT : ILC-BRAZIL*. *August*.

Helpage International España. (2020). *Trato desigual. Lo que dicen las personas mayores sobre sus derechos durante la pandemia del Covid19* (p. 20).

Helpage International España. (2021). *Justicia y participación social y política de las personas mayores* (p. 35).

Hernández Sampieri, R., Fernández Collado, C., & Baptista Lucio, P. (1997). *Metodología dela investigación*.

Hernández Sampieri, R., Fernández Collado, C., & Baptista Lucio, P. (2010). *Metodología de la investigación*.

Instituto de Mayores y Servicios Sociales. (2010). *Encuesta mayores 2010*. 205. http://www.imserso.es/InterPresent1/groups/imserso/documents/binario/presentacionencuestamayores_20.pdf

Instituto de Mayores y Servicios Sociales. (2011). Libro Blanco sobre el Envejecimiento Activo. Limitaciones y posibilidades de la edad. In *Envejecimiento Activo. Libro Blanco. Noviembre 2011* (p. 728). http://www.imserso.es

Instituto Nacional de Estadística. (2016). *Notas de prensa. Encuesta de condiciones de vida*. *2015*, 1–10.

Instituto Nacional de Estadística (INE). (2018). *años 2 si se mantuvieran las tendencias actuales en cuanto a fecundidad , mortalidad y migraciones La población de 65 y más años supondría el 25 , 2 % del total en el año 2033 Comunidad de Madrid y Cataluña registrarían los mayores crecimientos de poblaci*. *2018*, 1–20.

International Longevity Centre Brazil et al. (2014). *Gender and Ageing Charter*. http://www.ilcbrazil.org/?page_id=872

International Longevity Centre Brazil, & Pública, E. A. de S. (2015). *Envejecimiento activo. Un marco político ante la revolución de la longevidad*. *4*, 1–111. https://www.easp.es/project/envejecimiento-activo-un-marco-politico-ante-la-revolucion-de-la-longevidad/

Majón-Valpuesta, D., Ramos, P., & Pérez-Salanova, M. (2016). Claves para el análisis de la participación social en los procesos de envejecimiento de la generación baby boom. *Psicoperspectivas*, *15*(2), 53–63. https://doi.org/10.5027/PSICOPERSPECTIVAS-VOL16-ISSUE2-FULLTEXT-833

Malo, M. Á., & Pagán, R. (2021). *Envejecimiento y capital social: la importancia de las redes de amigos y la participación social en el bienestar individual* (p. 114).

Martínez de Miguel López, S. (2000). La participación social y su dimensión educativa en las personas mayores. *Pedagogía Social. Revista Interunivesitaria*, *nº 6-7*, 191–204.

Medina Ruiz, E. (2021). Personas mayores, participación y cambio social antes y después del COVID-19. *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, *42*, 105–113. https://doi.org/10.6018/areas.483961

Naciones Unidas. (2020). *Informe de políticas : Los efectos de la COVID-19 en las personas de edad Naciones Resumen ejecutivo*. 1–20. https://www.un.org/sites/un2.un.org/files/old_persons_spanish.pdf

Organización Mundial de la Salud (OMS). (2002). Envejecimiento activo: un marco político*. *Rev Esp Geriatr Gerontol*, *37*(S2), 74–105. https://ccp.ucr.ac.cr/bvp/pdf/vejez/oms_envejecimiento_activo.pdf

Organización Mundial de la Salud (OMS). (2015). Active ageing: a policy framework in response to the longevity revolution. In *Special Eurobarometer*.

Pérez Salanova, M. (2002). La participación de las personas mayores: apuntes para una agenda de intervenciones gerontológicas. *Revista Interuniversitaria de Formación Del …*, *45*, 21–32. http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=308421

Quinzán, G., & Groba, M. (2020). *Políticas sociales para personas mayores en Galicia : Camino hacia el envejecimiento activo Resumen Palabras clave Resumo Palavras chave In this article we have a review of the main strategies , programs and services implemented by Keywords Introducción*. *7*, 373–393.

Ramos Monteagudo, A. M., Yordi García, M., & Miranda Ramos, M. de los Á. (2016). El envejecimiento activo: importancia de su promoción para sociedades envejecidas TT - The active ageing: importance of its promotion for aging societies. *Revista Archivo Médico de Camagüey*, *20*(3), 330–337. http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1025-02552016000300014&lang=pt

Rojas Soriano, R. (2013). *Guía para realizar investigaciones sociales*. www.raulrojassoriano.com

Sarasola, A. (2019). *Personas mayores, participación social y calidad de vida: El caso de los Bancos del Tiempo*. 193. chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/viewer.html?pdfurl=https%3A%2F%2Fplataformavoluntariado.org%2Fwp-content%2Fuploads%2F2020%2F01%2Ftesis-bancos-de-tiempo.pdf&clen=1547479&chunk=true

Servicio de Investigación Social (EDE). (2013). La participación social de las personas mayores en la CAPV. Sistema de indicadores. *Fundación EDE*, 1–65. http://www.fundacionede.org/ca/archivos/investigacionsocial/participacion-social-mayores.pdf files/2614/participacion-social-mayores.pdf

Vega Vega, J. L., Buz Delgado, J., & Bueno Martínez, M. B. (2002). Niveles de actividad y participación social en las personas mayores de 60 años. *Revista Interuniversitaria de Formación Del Profesorado*, *45*, 33–53. http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=308422&info=resumen&idioma=S

PA

World Health Organization. (2022). Informe mundial sobre el Edadismo. In *Informe mundial sobre el edadismo* (p. 116). https://doi.org/10.37774/9789275324455

Xunta de Galicia. (n.d.). *Decálogo de dereitos das Persoas Maiores*.

Xunta de Galicia. (2010). *Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013. Horizonte 2015* (pp. 1–116).

Xunta de Galicia. (2012a). *Informe de seguimento 2012 - Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013. Horizonte 2015* (p. 120).

Xunta de Galicia. (2012b). *LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Ley 10/2011, de 28 de noviembre, de Acción Voluntaria.* 1–23.

Xunta de Galicia. (2014a). *Informe de seguimento 2013 -Informe de seguimento 2012 - Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013. Horizonte 2015* (p. 118).

Xunta de Galicia. (2014b). *Informe de seguimento 2014 - Informe de seguimento 2012 - Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013. Horizonte 2015* (p. 122).

Xunta de Galicia. (2016). *Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación*.

Xunta de Galicia. (2020a). *Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia* (p. 140).

Xunta de Galicia. (2020b). *Guía de actuación coordinada contra o maltrato de Persoas Maiores ou con Discapacidade* (Vol. 21, Issue 1, p. 88). http://journal.um-surabaya.ac.id/index.php/JKM/article/view/2203

7. ANEXOS

7.1. ANEXO 1. FICHA TÉCNICA

ENQUISA SOBRE A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS DE GALICIA

Ficha Técnica	
Universo:	Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación maior de 50 anos en Galicia asecendeu en 2022 a 1.305.833 habitantes, dos cales 711.517 son mulleres (54,49%) e 594.316 homes (45,51%).
Mostra:	213 enquisas.
Tipo de mostra:	Exploratoria. Estudo exploratorio non probabilístico.
Erro da mostra:	A mostra non é probabilística, por tanto non procede o cálculo de erro estatístico.
Tipo de entrevista:	Enquisa autocumprimentada subministrada en liña por diversas canles virtuais (correo electrónico, Redes Sociais, WhatsApp, etc...).
Depuración e gravación:	Comprobación da consistencia da información e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse empregando a aplicación Google Forms exportándose en formato .cvs.
Traballo de campo	Do 17 de novembro ao 17 de decembro de 2022 .
Protección de datos:	No transcurso da realización das entrevistas informouse sobre a finalidade principal da enquisa, a súa lexitimación, os encargados do tratamento de datos, os destinatarios e os seus dereitos, así como o delegado de protección datos que figuraba na páxina inicial do cuestionario. Dita información axústase ao recolle o REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de2016, Xeneral de Protección de Datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

7.2. ANEXO 2. CUESTIONARIO

ENQUISA SOBRE A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS MAIORES DE GALICIA

Desde Solidariedade Internacional Galicia estamos desenvolvendo unha investigación sobre a participación das pesoas maiores de 50 anos na nosa comunidade autónoma. Un dos obxectivos do estudo diríxese a recoller a percepción deste colectivo sobre os seus hábitos e formas de participación, polo que agradecemos que respondas ao seguinte cuestionario.

A enquisa é anónima, garantindo a confidencialidade e o segredo das respostas no cumprimento da lei de protección de datos persoais e segredo estatístico, polo que pregamos que as túas respostas sexan o máis sinceras posibles. A túa opinión é importante.

A información e as respostas serán empregados exclusivamente con finalidades académicas.

Responsable: Solidariedade Internacional Galicia CIF G36833648. Vereda Polvorín, 2 15002 (A Coruña) Teléfono: 981 243 506, E-mail: educacion@solidaridadgalicia.org

Finalidade principal: Investigación académicas con fins estatísticos para o estudo sobre participación da mocidade galega dirixida ao colectivo de mozas e mozos de idades entre 14 a 30 anos. Os teus datos persoais conservaranse de xeito confidencial e seudonimizados (non podendo atribuírse os mesmos a ningunha persoa enquisada), durante os prazos necesarios para a elaboración dos estudos sobre a enquisa.

Lexitimación: espazos e motivacións para a participación, en concreto análise das razóns da partición xuvenil.

Dereitos: Podes exercitar o teu dereito a revogar o seu consentimento para o tratamento dos teus datos así como solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade ou oposición dos mesmos, remitindo unha comunicación ao seguinte e-mail: educacion@solidaridadgalicia.org. Tamén poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se non obtés satisfacción no exercicio dos seus dereitos, na súa web: https://www.aepd.es/

Delegación de protección de datos: educacion@solidaridadgalicia.org

BLOQUE 1: DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

P1. Xénero:

- [ ] Muller
- [ ] Home
- [ ] Outro
- [ ] NS/NC *(Non sei/Non contesto)*

P2. Idade:

- [ ] Entre 50 e 54 anos
- [ ] Entre 55 e 65 anos
- [ ] Entre 66 e 69 anos
- [ ] Entre 70 e 80 anos
- [ ] Entre 80 e 90 anos
- [ ] Máis de 90 anos

P3. Cal é o nivel de estudos máis alto que tes rematado? *(Indica unha soa resposta)*

- [ ] Estudos Primarios
- [ ] Estudos Secundarios
- [ ] Formación Profesional
- [ ] Estudios Universitarios
- [ ] Sen estudos
- [ ] Outro
- [ ] NS/NC

P4. Situación laboral principal *(Indica unha soa resposta):*

- [ ] Xubilado/pensionista
- [ ] Traballo tempo parcial
- [ ] Traballo tempo completo
- [ ] En desemprego
- [ ] Outro
- [ ] NS/NC

P5. Provincia na que vives:

- [ ] A Coruña
- [ ] Lugo
- [ ] Ourense
- [ ] Pontevedra

P6. Escribe o nome do concello onde resides:_____

P7. Dentro do teu concello, vives nunha zona...

- [ ] Rural (menos de 2.000 habitantes)
- [ ] Semi-urbana (entre 2.000 e 10.000 habitantes)
- [ ] Urbana (máis de 10.000 habitantes)
- [ ] NS/NC

BLOQUE 2: PREGUNTAS DE OPINIÓN

P8. En xeral, considéraste unha persoa participativa?

SI	NON	NS/NC

P9. *Nunha escala do 0 ao 10, sendo 1 a valoración máis baixa e 10 a máis alta;*
En que grao consideras que participas socialmente?

0	1	2	3	4	5

P10. Os espazos de participación que máis empregas son *(Indica unha soa resposta):*

- [ ] Maioritariamente presenciais
- [ ] Ambos por igual
- [ ] Maioritariamente virtuais ou nas redes sociais
- [ ] Ningún
- [ ] NS/NC

P11. Como definirías o teu nivel de participación en xeral? *(Indica unha soa resposta):*

- [ ] Puntual, en accións concretas e a curto prazo
- [ ] Permanente, con certa traxectoria, a medio ou longo prazo
- [ ] Ningún, non participo en xeral
- [ ] NS/NC

P12. En xeral, consideras que o teu xeito de participar é maioritariamente... *(Indica unha soa resposta)*

- [ ] Máis activo (fago propostas, levo a iniciativa, busco xeitos de actuar)
- [ ] Máis pasivo (súmome a propostas doutras persoas ou entidades)
- [ ] Non participo de ningunha das dúas formas
- [ ] NS/NC

P13. En cal destes ámbitos participas máis? *(podes seleccionar un máximo de 3)*

- [ ] Deporte
- [ ] Educación
- [ ] Política
- [ ] Actividades lúdicas ou culturais
- [ ] Participación social e cidadá
- [ ] Non participo en ningún destes ámbitos
- [ ] NS/NC

P14. Existen diversas formas de participación en accións sociais e políticas. Segundo a túa experiencia, indica para cada unha delas o teu nivel de participación:

	Frecuente-mente	Algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustaríame
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización				
Compartir información de tipo político (presencial ou nas redes sociais)				
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación (só pago cotas)				
Participar en actividades de voluntariado (a través dunha ONG, asociación, concello...)				
Formar parte activa dunha entidade (asociación veciñal, organización social...)				
Representante nun órgano de participación (xunta directiva dunha entidade...)				
Participar en programas dirixidos ás persoas maiores promovidos desde as institucións (centros de día...)				
Participación autoxestionada (centros sociais, ocupados, redes veciñais...)				

P15. Do seguinte listado de temas de carácter social, cales son os que máis te interesan ou preocupan? *(selecciona máximo 3)*

	Xustiza social e solidariedade
	Dependencia e diversidade funcional (discapacidades)
	Medioambiente e sustentabilidade
	Política e democracia
	Feminismo e igualdade de xénero
	Diversidade cultural
	Dereitos Humanos
	Comercio xusto e consumo responsable
	Diversidade afectivo-sexual
	Pobreza e desigualdade
	Minorías e colectivos vulnerables
	Non me interesa ningún deles
	Outro (di cal):

P16. Do seguinte listado indica as razóns principais ou as motivacións que te levan a participar *(escolle máximo 3)*

	Compartir experiencias con outras persoas ou facer amizades
	Facer algo para cambiar ou mellorar o mundo que me rodea
	Obter recoñecemento social
	Axudar a outras persoas
	Sentirme mellor comigo mesmo/a ou sentirme útil
	Mellorar a miña formación/experiencia
	Forma parte de meus valores, para min é o normal
	Non teño ningunha motivación para participar
	Non participo en nada
	Outra (di cal):

P17. En xeral, cal crees que é o nivel de participación do conxunto da sociedade galega? Valora do 1 ao 10 *(onde 1 é a puntuación máis baixa e 10 a máis alta)*:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

P18. En xeral, cal crees que é o nivel de participación social das persoas maiores de 50 anos en Galicia? Valora do 1 ao 10 *(onde 1 é a puntuación máis baixa e 10 a máis alta):*

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

P19. Nunha escala do 1 ao 10, onde 1 é o valor máis baixo e o 10 o valor máis alto; En que medida cres que as persoas maiores de 50 anos sondes valoradas socialmente?

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

P20. Na túa opinión, que grupo de poboación consideras que participa máis socialmente? *(unha soa resposta)*

- [ ] A mocidade (adolescentes e xóvenes de 14 a 30 anos)
- [ ] As persoas adultas de entre 30 e 55 anos
- [ ] As persoas maiores de 55 anos

P21. E o que participa menos? *(unha soa resposta)*

- [ ] A mocidade (adolescentes e xóvenes de 14 a 30 anos)
- [ ] As persoas adultas de entre 30 e 55 anos
- [ ] As persoas maiores de 55 anos

P22. Poderías participar en máis cousas se tiveses.... *(selecciona máximo 3)*

- [ ] Máis información (onde, como, cando...)
- [ ] Máis recursos ou ofertas para a participación onde vives
- [ ] Máis tempo
- [ ] Máis referentes ou acompañamento suficiente
- [ ] Maior seguridade e maior confianza participando
- [ ] Máis medios para desprazarme (transporte público ou privado)
- [ ] Máis formación ou coñecementos en participación
- [ ] Non me interesa a participación social
- [ ] Outro (indica cal):_____

P23. Á hora de participar socialmente, prefires facelo... (*selecciona máximo 3)*

- [ ] Con persoas de idade semellante
- [ ] Con persoas máis maiores
- [ ] Con nenos e nenas
- [ ] Con adolescentes ou xóvenes
- [ ] Con persoas de diferentes idades (interxeracional)
- [ ] Con ningún grupo
- [ ] NS/NC

P24. Quen consideras que promove máis a participación social das persoas maiores? *(selecciona máximo 3)*

- [ ] Os concellos
- [ ] A Xunta de Galicia
- [ ] As asociacións ou ONGs
- [ ] Os partidos políticos
- [ ] Os centros para persoas maiores
- [ ] A familia
- [ ] A propia xente maior
- [ ] NS/NC

P25. Cales consideras que son as principais barreiras polas que as persoas maiores de 50 anos non teñen máis protagonismo na participación social? *(selecciona máximo 3)*

	O deterioro da funcionalidade física e/ou cognitiva
	O exceso de tarefas de coidados no ámbito familiar
	A propia perda de interese polas cuestións sociais, comunitarias ou políticas
	A falta de espazos adaptados ás necesidades ou intereses das persoas maiores
	A consideración da xente maior como suxeitos pasivos
	NS/NC

P26. Na túa opinión, que ten que pasar para que as persoas maiores participen máis e se impliquen nos procesos de transformación social? *(resposta libre)*

Moitas Grazas pola túa colaboración!!

7.3. ANEXO 3. ACHEGAS DO GRUPO MOTOR




EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN
Limpie un rio con la comunidad de vecinos
PARTICIPO OCASIONAMENTE CANDO MO PIDEN
MAZAS
EXPERIENCIA SEMPRE POSITIVA
Axudar a Beiñas
Saber hacer algo
MANIFESTACION


CALES SON AS PRINCIPAIS MOTIVACIÓNS QUE LEVAN ÁS PERSOAS MAIORES A PARTICIPAR SOCIALMENTE ?
LA SOLEDAD
SOMOS MAS SENSIBLES
CONVIVENCIA
LO HACEN IGUAL JOVENES O MAYORES
AYUDAR
EL ABURRIMIENTO
RELACIONARSE
APRENDER
COMUNICARSE
ESTAR CON GENTE JOVEN
ESPACIO VERDE (HUIR UN POCO DE CASA)


QUE COUSAS FAVORECEN OU FACILITAN A PARTICIPACIÓN SOCIAL DOS MAIORES ?
La satisfacción personal al ayudar
Las asociaciones de personas mayores, como Alegal
Autobuses urbanos
Medios de comunicación
Transporte


QUE É PARTICIPAR?
Participar es colaborar, con las cosas y personas, teniendo un acuerdo en común.
Colaborar con un grupo haciendo algo
Colaborar em grupo
Colaborar
COMUNICAR IDEAS
PARTICIPAR AXUDAR E AXUDARNOS COLABORACIÓN MUTUA
Ser voluntario


PARA QUE SERVE
A PARTICIPACIÓN ?
lo mismo que he dicho antes colaboración y conociendo las opiniones de cada uno.
Para llevar a cabo un proyecto
Para ayudar los unos a los otros con ideas o trabajos
INTERECTUAL
Colaborar


QUE HABILIDADES
TEMOS QUE TER PARA
PODER PARTICIPAR ?
Ganas
Las habilidades hay una infinidad de cosas y también de opiniones, como por ejemplo un paseo por el aire libre.
Voluntad de colaboracion
NINGUNHA
Ser trabajador y Tener ideas
SABER IR EN GRUPO
Tener Experiencia


QUE HABILIDADES TEMOS QUE TER PARA PODER PARTICIPAR ?
GANAS DE AYUDAR PENSAR QUE PODEMOS SER UTILES. VERTER AS NOVAS EXPERIENCIAS DE VIDA.
A PRIMERA HABILIDAD ES QUERER HACERLO; EMPATIA CON A GENTE; PACIENCIA EN EL TRATO.
TER VOLUNTA DE AYUDAR DONDE SE NESITE Y COORDINARSE COM LOS DEMAS PARA QUE FUNCIONE A COMUNIDA


PARA QUE SERVE A PARTICIPACIÓN ?
PARA HACER COSAS SIN ESPERAR QUE LO HAGA EL GOBIERNO
PARA LOGRAR UN COMETIDO
COMPARTIR O QUE UM PODE
ES QUE SI TODOS MIRARAMOS PARA OTRO LADO A COSA NO CAMINA. NO ES SOLO FALAR ES HACERLO DE VERDAD. ES AYUDARNOS DEL PROXIMO


EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN
VOLUNTARIADO EN LA ASOCIACION RONDAI - CON LOS NENOS EN LA ESCUELITA DE VERAN - Y EN LA SEMANA DE LAS FESTILETRAS
SOCIO/A DE UNICEF e DE CRUZ VERMELLA
AYUDA A PERSONAS MAYORES SOLAS
AYUDAR AS NENOS DIRIXIR O TRAFICO
PARTICIPA EN SOZOS
COMO APRENDIZA
CUANDO LA ESCUELITA AYUDAMOS EN VARIAS COSAS
TAMBIEN CONTROLAR EL TRAFICO


AS PERSOAS MAIORES PARTICIPAN MÁIS OU MENOS QUE OUTROS GRUPOS DE IDADE?
FALTAN PACIENCIA E RESILIENCIA
hay mas voluntariado en la juventud los mayores somos mas perezosos
QUE BIEN QUE ESTAMOS ESTA TARDE EN ESTA JUNTANZA.
PIENSO QUE EN TODOS LOS GRUPOS DE EDADE HAY GENTE PARTICIPA MAS OU MENOS EN ESTA ZONA.


COMO SE PODE INCREMENTAR A PARTICIPACIÓN DOS/AS MAIORES ?
BUSCAR DE MOTIVAR A PARTICIPAR
CREO QUE MOSTRARLE EL BIEN QUE NOS HACE A TODOS ESTA ACTITUD PORQUE A VECES RECIBIMOS MAS DE ALGUIEN QUE DANDO.
TRATAR DE INTERACTUAR CON LA GENTE COMBENCIONDOLA PARA QUE COLABOREN
A sociedade debe tender máis colaborativa que loitadora ou que pelexa na calle para solicitar o reivindicar
PONERNOS DE EXEMPLO
FACELOS SENTIR VIVOS
TER MAIS REFERENTES
AS COUSAS HA QUE LUCHALAS SINON NON TEMOS NADA


QUE TEMAS SOCIAIS OU POLÍTICOS INTERESAN OU PREOCUPAN ÁS PERSOAS MAIORES ?
QUE OS MAIORES PODAMOS SENTIRNOS UTILES.
CUIDADO de PERSONAS MAYORES DEPENDIENTES
SANIDAD
PREOCUPA QUE LOS POLITICOS EN VEZ DE MIRAR POR EL PUEBLO, MIRAN SIEMPRE POR ELLOS PARA PODER COGER EL MEJOR TROZO DE LA TARTA
NO EN POLITICA NO ME GUSTA METER NE EN ESTO MOMENTO ESTA TODO MUY COMBULSIONADO
EDUCACION


QUE COUSAS DIFICULTAN OU IMPIDEN
A PARTICIPACION DAS PERSOAS MAIORES?
HAY PERSONAS QUE TE DIGEN A QUE VAS A IR A PERDER EL TIEMPO. ESTAR ENFERMO.


QUE COUSAS FAVORECEN OU FACILITAN A
PARTICIPACIÓN SOCIAL DOS MAIORES ?
UNIÓN


QUE É PARTICIPAR?
E DAR LO MEJOR POSIBLE DE TI A LOS DEMAS.
AXUDAR DE CORAZÓN
HACER LOS TRABAJOS CONJUNTOS EN COMUN SIN ENTORPECENDO EL TRABAJO DE LOS DEMAS
APOIAR A UNHA COUSA QUE PENSAS QUE VALE A PENA DARLE O TEU APOIO.
XUNTARSE PARA LOGRAR UN COMETIDO
AYUDAR NO QUESOPODON A ORGANIZACIO E ORGANIZADORES VOLUNTARIA-METE

7.4. ANEXO 4. COMENTARIOS PARA A MELLORA DA PARTICIPACIÓN DOS/AS MAIORES

*Transcríbense literalmente as respostas que as persoas enquisadas deixaron á pregunta

P.26. Na túa opinión, que ten que pasar para que as persoas maiores participen máis e se impliquen nos procesos de transformación social?

Atopar espazos amables nos que ir
Que perciban resultados ao seu labor
Máis información
Estímulos aceitados HTC
Dispor de máis tempo e dunhas entidades de participación local menos cruzadas ou dirixidas politicamente
Mais información
Mayor oferta de centros dedicados
Cultura
Mais información
Axudalos a ver a necesidades e acudarlles a ir, acompañándos ou levandos
Mais informacion
Ter máis información do que se está a facer
Implicarse as organizacions
Tenerlas más en cuenta
Que os fagamos sentilos precisos e necesarios
Eu creo que habería que lle formular esa pregunta ás personas menores de 35 anos.
Maiores facilidades
Que desaparezca la esclavitud económica
Ter mai ganas e tempo
Contaxio e referentes
Concienciación de que seguen a ser persoas capaces de cambiar o mundo. Eliminación dos estereotipos relacionados coa xente maior. Implicación dos gobernos na causa social.
Que mellore o entorno de saúde, e facerlles ver ou sentir que o que fan é útil para eles e o seu entorno cercano
contar más con nosotros

Unha doble concienciación: a sociedade en xeral para que os estimule, é non se perda e enorme sabiduría que acumulan. É a eles mesmos, hay que convencelos de que teñen ainda, moito que aportar.
Que tengan intención y puedan hacerlo
Pensiones ..sanidad ..feminismo:encontrar grupos afines en los que sumarse para poder participar..
Máis axuda, xa que hai xente maior que non ten acceso ás actividades por falta de recursos: falta de medios para costearse as actividades, vivir lonxe, falta de transporte...
ayuda a la movilidad y ayuda económica
Valoración e maior recoñecemento social.
tener alguna ayuda para participar más
La toma de conciencia socio política, salir del estado de confort y creer de verdad que tenemos poder y capacidad colectiva de incidir en nuestro entornos de manera positiva.
que sexamos máis valorados
contar con ayudas, apoyo y reconocimiento
Menos contaminación dos edios de masas
As persoas maiores manteñen motas das cousas que aínda temos. Sobor de todo no social
Muchas veces las propias personas mayores se crean sus propios limites y otras veces es la sociedad .
Tempo
A morte dunha xeración
Unha proposta que ilusione e un realista
Se fose posible, ter mais axudas e mais voluntade pa poder transformarse.
Cando vexan que participar é unha resposta lóxica a unha demanda de colectivos e persoas máis novas
Un cambio cultural
Liderazgos motivacionales
Que se lles teña enconta por os representantes políticos
A necesidade.
Cambiar las políticas sociales para hacer a los mayores más participativos. La mayoría de las políticas sociales están destinadas a cuidar a los mayores, que esta bien, pero los mayores necesitamos participar.
Non quedarnos e pensar no pasado
Ter máis en conta ás persoas maiores ANTES das tomas de decisións.

Ver como os políticos fan as cousas ben, e non sólo polo eu benestar
Quizás más información!!
Que conten mais con nos,,a nosa experiencia,, debería ser posta en valor
Desde luego a centros cívicos y vecinales incentivar la participación cib propuestas de actividades concretas,por ejemplo ,donde se puedan manifestar abiertamente,paseos , excursiones a bahía precios.O sea,incentivar las relaciones sociales.
No se.....
aumentar la información
Maior formación previa
Recibir una información clara de las necesidades reales de esta transformación
Que sintan que a sua opinión tense en conta
Que as visualicen como de utilidade
Ante todo, considerar os mayores personas totalmente válidas e útiles para a sociedade.Non telos coma suxeitos pasivos que xa non valen para nada pois,pola contra teñen moita experiencia as suas costas que compartir.
Ter máis tempo libre
Mais tempo e consideración social
Invocar la racionalidad y no sentimientos o emociones
Eu creo que necesitariamos mais información sobre as actividades que podamos facer.
que haxa espazos , recoñecemento social, dinamización...
Que se lles forme nas tecnoloxias que e o que agora prima, que o contacto cos distintos estamentos sexa mais sinxelo tecnoloxicamente falando, e que non se nos considere inútiles para ciertas actividades.
Información
creo que a xente maior e participativa, anque non sexa visible, pois teñen menor manexo do dixital. pero as manifestacións , centros e actividades de todo tipo estan copadas de xente maior ,até que o seu fisico lle-lo permite, ainda así.
Máis información
Que exista una conciliación real
Mais información
Quizais si están máis estimuladas e teñen saúde.
Quexse sintan identificadas: sentimento de pertenza a comunidade. Proxectos de verdade. Para as persoas.
Mais informacion sin ser solo mediante internet

Ter mais informacion
Confiar en sus posibilidades.
Ter mais centros cívicos cerca da casa,con mais locais, más xente traballando e mais actividades diferentes
Non teñen unha idea clara onde e cómo participar Que se lles propoña algo do seu interese
Concienciacion
estar mais informados
Telos mais en conta
A maioria pensamos que non Temos capacidades ,e tamen o interés,pasamos un poco de todo,siempre decimos que sa hay gente que o fai
proponerles cosas que hacer
eu prefiero estar na miña casa traballando a miña leira sin que ninguén me moleste nin eu molestar a nadie
Que conten mais con eles e a sociedade aprobeite a sua experiencia
Ser escuchadas.
Conciencia social e de clase
que teñan tempo e saude
Que se las valore
Motivación
Llamarlas para que se incorporen y animarlas a que enseñen todo lo que saben.
Mais información clara, e motivación
Mayor conciencia y necesidad de participar
eso e cousa dos políticos que son quen deberian amañar os problemas sociales, a xente xa temos bastante con vivir o dia
deberiamos de ter máis protagonismo pero para a sociedade non valemos nada, non nos teñen en cuenta os maiores sobre todo nas aldeas que cada un está a sua vida
Que teñan menos cargas familiares, que se implementen máis axudas á dependencia e aos coidados e que se poña en valor social e políticamente a participación cidadá (non limitada á política partidista)
Información e axuda
Promover máis actividades
estar mais implicados nas cuestions politicas do pobo, sempre estamos os mismos facendo as cousas

darse conta de que podemos facer cousas para cambiar o que nos rodea
O reconocimiento da sua experiencia y valía
tienen que tener ganas y motivación para ayudar
que se recupere o espírito de loita que tiñamos noutras épocas, antes salíamos á rúa a reclamar os nosos dereitos, podíamos ganar ou perder, pero loitabamos. Ahora a xente está demasiado acomodada. Teríamos que ser capaces de volver a infundar ese espíritu transformador
Aquí hay falta de información dirigida a este colectivo, y son muy pocas las actividades que ofrecen por parte del Concello para que se impliquen.
Ser libres de elegir
sinxelamente que se conte con elas porque se conta pouco con nos
O coñecemento dun proxecto interesante
Penso que hai que chegar a estas idades coa lección aprendida, interiorizada. Se non participaches durante a xuventude non vas empezar a facelo cando eres maior...
Unha situación social que o requira
Máis alternativas.
Aceptarlos mais
Dar un pouco mais de visibilidad os problemas sociales, que se coñezan e formación para poder votar Unha man.
Empoderamento
Gobernos máis participativos
Dar protagonismo aos problemas sociais que nos rodean
Liberarlos de tareas que antes hacían los hijos y ahora es necesario que hagan ellos. Hacerles saber que son muy útiles.
Información
Que teñan espazos axeitados para facelo
Que se creen máis redes solidarias
Ver menos televisión
Ten que pasar tempo para que aumente a participación
Considerarse válidos coma axentes de cambio; a pesar de que o seu futuro é menos longo, saberen q teñen moito q aportar e reclamar os seus dereitos...
A falla de credibilidade nas organizacións políticas.
Teñen que atopar o motivo que os faga recoñecer que poden ser útiles pa facer un mundo mais xusto e mellor.

Fai falta máis información e motivación
Cambio en la valoración social y romper la brecha digital por la cual muchas personas no acceden a la información
En zona Rural ,necesitaríase mais información, mais reunions das personas. Concienciar as personas do Amor comunitario.
Que a sociedade as consideremos suxeitos activos e valiosos
Verse afectados nas súas vidas
Esperanza de cambio
Que el consumismo deje de ser el centro de las aspiraciones sociales...